



FACULTADE DE DEREITO

A Sociedade de Responsabilidade Limitada e doutrina do levantamento do veu.

TFG presentado por Sara Bugallo Porto

Curso académico 2016/2017

Tutor: Ángel García Vidal

PALABRAS CHAVE.

Personalidade xurídica.

Sociedade de Responsabilidade Limitada.

Práctica/ técnica xurisprudencial.

Fraude de lei.

Responsabilidade patrimonial universal.

Independencia/ autonomía.

Confusión de patrimonios.

Levantamento do veo societario.

Normativación.

RESUMO.

O obxecto do presente traballo é a análise da aplicación da doutrina do levantamento do veo cando o ente interposto é unha Sociedade de Responsabilidade Limitada.

Para iso, a modo introdutorio farase unha breve referencia á orixe e evolución da figura, acudindo primeiro á xurisprudencia da doutrina de terceiros desenvolta polo Tribunal Supremo durante as primeiras décadas do século XX. A continuación, será obxecto de estudo a STS de 30 de maio de 1984 que marca un antes e un despois na configuración desta técnica xurisprudencial, e afondarase no argumentario que ofrece para a súa aplicación.

Para abordar as especialidades das S.L. contráporanse coa problemática propia das Sociedades Anónimas e das sociedades colectivas, xa que son os tipos sociais con que garda maiores semellanzas. Asemade, farase especial referencia aos supostos de transformacións fraudulentas e ás formas de evitalas: levantamento do veo e normativación.

Finalmente, atenderase ao fraude de lei como presuposto de aplicación da figura, con especial atención ao artigo 1.2 da Lei de Sociedades de Capital como norma de cobertura. Por outra parte, os casos tratados clasificaranse segundo a normativa que se pretende eludir abusando da personalidade independente do ente.

A metodoloxía, imposta pola inexistencia de normativa reguladora do levantamento do veo, parte da exposición xeral do concepto habilitante da aplicación da técnica. O

devandito concepto será posteriormente perfilado acudindo aos matices sinalados pola última xurisprudencia relativa a S.L. A exposición dos casos resoltos polos tribunais servirá tamén como suposto práctico que permite obter unha visión global dos problemas e das solucións propostas.

ÍNDICE

PALABRAS CHAVE E RESUMO.....	1
I.- A PERSONALIDADE XURÍDICA: EVOLUCIÓN E CRISE.....	5
II.- CONTEXTO HISTÓRICO: AS PRIMEIRAS SENTENZAS DO TRIBUNAL SUPREMO EN QUE PENETRA NO SUBSTRATUM DA PERSOA XURÍDICA. ORIXE E ANÁLISE DAS EIVAS AÍNDA SEN SOLVENTAR	8
1.- A DOCTRINA DE TERCEIROS	9
2.- A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO DE 28 DE MAIO DE 1984.....	10
3.- A PLURALIDADE DE PRESUPOSTOS COMO DEFICIENCIA INICIAL E SEN SOLVENTAR. A SÚA CONSECUCIÓN: AS DIFICULTADES SISTEMÁTICAS	11
III.- ÁMBITO DE APLICACIÓN DA FIGURA.....	13
1.- A SOCIEDADE COLECTIVA	13
1.1. Consideracións iniciais sobre a responsabilidade. A inaplicabilidade do levantamento do veo	13
1.2. Os supostos de transformación.	14
1.2.1. A transformación dunha S.L. en sociedade colectiva	15
1.2.2. A transformación dunha sociedade colectiva nunha S.L.	15
2.- A SOCIEDADE ANÓNIMA.....	17
2.1. A relevancia da cifra de capital social mínimo.....	17
2.2. A configuración dos tipos.	18
2.3. A transformación dunha S.A. en S.L.	19
2.4. A delimitación da escisión da S.A. en varias S.L. e a (in)existencia de ánimo defraudatorio inherente.....	20
3.-A SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA E A SLNU	22
3.1. A Sociedade Limitada e a SLNU	22
3.2. Levantamento do veo e unipersonalidade. Un exemplo paradigmático de normativación ...	23
3.3. A S.L. en réxime de formación sucesiva	25
3.4. A redución do capital social e os efectos do art. 331 LSC. Outro exemplo claro de normativación	26

3.5. O concurso culpable e a responsabilidade da S.L. encargada da administración doutra sociedade. Un suposto imposible se a entidade a que se encomenda a administración fose unha S.L.N.E.	27
3.5.1. Unha aproximación á extensión subxectiva dos efectos da calificación culpable do concurso en sociedades administradas por unha persoa xurídica (S.L.)	27
3.5.2. Análise da normativa concursal. O concurso culpable e a responsabilidade da S.L. encargada da administración doutra sociedade	28
IV.- O FRAUDE Á LEI. FRAUDE Á “LEI CONTRACTUAL”	32
1.- CONCEPTO DE FRAUDE Á LEI. O ART. 1.2 LSC COMO NORMA DE COBERTURA.....	32
2.- O FRAUDE AO ART. 1911 DO CÓDIGO CIVIL.	32
3.- O FRAUDE AO ART. 1911 EN CONCORRENCIA CON OUTRAS DISPOSICIÓNS	35
4.- O FRAUDE A OUTRAS NORMAS.....	36
5.- O FRAUDE Á “LEI CONTRACTUAL”	37
6.- O ART. 1.2. LSC COMO NORMA DE COBERTURA NO SEO DUN GRUPO DE EMPRESAS	38
6.1.- Unha primeira achega á problemática: as garantías intragrupo e a condición de terceiro dentro do grupo	40
6.2.- A S.L. e o grupo familiar. Unha S.L. que domina un grupo formado unicamente por sociedades deste tipo	42
6.3.- Sucesión empresarial, grupo de empresas e a S.L. como ente interposto. Un caso en que a Audiencia delimita o abuso fraudulento vs. a liberdade de organización empresarial	43
7.- O USO DA S.L. PARA DEFRAUDAR A NORMATIVA CONCURSAL	45
V.- CONCLUSIÓN.....	46
1. EVOLUCIÓN DA DOUTRINA DO LEVANTAMENTO DO VEO FUNDADA NO FRAUDE DE LEI: O ART. 1.2 LSC COMO NORMA DE COBERTURA. APUNTAMENTOS SOBRE O CAMBIO DO CONCEPTO DE ÁNIMO DEFRAUDATORIO	46
2. SOBRE A NECESIDADE DE COMPILAR OS REQUISITOS COMÚNS A TODO TIPO SOCIAL E AS ESPECIALIDADES DAS S.L. PARA O ESCLARECEMENTO DA APLICACIÓN DA TÉCNICA.....	47
3. A NECESIDADE DE ALTERNATIVAS AO LEVANTAMENTO DO VEO PARA SANCIONAR O ABUSO DA PERSOA XURÍDICA: A NORMATIVACIÓN DE LEGE LATA E DE LEGE FERENDA	47
VI.- BIBLIOGRAFÍA E XURISPRUDENCIA.....	49
1.BIBLIOGRAFÍA.....	49
2.RECURSOS WEB	50
3.RECOMPILACIÓN DE XURISPRUDENCIA.....	50
3.1. Xurisprudencia inglesa	50
3.2. Xurisprudencia do Tribunal Supremo.....	50
3.3. Xurisprudencia das Audiencias Provinciais.....	51
3.4. Xurisprudencia dos Xulgados do Mercantil e de 1ª Instancia.....	51

INTRODUCCIÓN:

I.- A PERSONALIDADE XURÍDICA: EVOLUCIÓN E CRISE

O concepto de personalidade xurídica foi perfeccionado ao longo do S. XVI coa configuración das Compañías creadas para comerciar coas Indias Orientais por España¹, Holanda, Inglaterra e Portugal. Aínda que inicialmente fose ligado á Sociedade Anónima², co tempo, esta deixará de considerarse de forma exclusiva a forma típica de persoa xurídica, compartindo espazo coa S.L. tras a introdución en España deste tipo social en 1953. A caracterización resúmese en que é a sociedade quen asume a condición de comerciante e posúe un patrimonio propio e diferenciado do dos socios³. Unha vez delimitada pola doutrina como suxeito de dereitos e obrigas que responderá delas fronte os seus debedores co seu propio patrimonio, predícase a incomunicación⁴ entre a sociedade e os socios. Ligada a esta separación xorde a noción de hermetismo⁵, que non se superará até a década de 1910.

¹ Para maior afondamento sobre o devagar das compañías españolas *vid* DELGADO BARRADO, J. M., “América y el proyecto de compañías privilegiadas de José de Carbajal (1745-1754)”, *Brocar: Cuadernos de investigación histórica*, nº 22, 1998, páxs. 103-120.

² ALFARO ÁGUILA-REAL, J., “Una breve historia de la sociedad anónima y el comercio transoceánico”. <http://almacenederecho.org/una-breve-historia-la-sociedad-anonima-comercio-transoceanico/> (consultado por última vez o 05/07/2017).

³ BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho Privado español*, Thomson Aranzadi, Navarra, 2006, páxs. 38 e ss.

⁴ A denominación para referirse á “separación” entre o patrimonio social e o persoal é do máis variada. ALFARO ÁGUILA-REAL, J., “La responsabilidad limitada de los socios de las sociedades de capitales por las deudas sociales: el estado de la discusión.”

<https://poseidon01.ssrn.com/delivery.php?ID=82607001306909111709301101500312302611800405008302009107811109111212506808911508410209604812300004506304100406510809703108303101907600703405010201011307107100607402203307712410400806508609702300610106806711808707000811003000012511500022067015122006&EXT=pdf> (consultado por última vez o 11/07/2017) vai máis aló aludindo a un “illamento” entre ambos patrimonios.

⁵ O hermetismo non só producirá efectos nas relacións externas da sociedade, senón nas internas. A efectos deste traballo, resultan máis interesantes as consecuencias externas: separación total entre o patrimonio da

Sen esquecer a súa utilidade e os avances que se produciron grazas a ela⁶, a personalidade independente foi empregada para cometer múltiples abusos. A doutrina do levantamento do veo xorde neste contexto de crise da personalidade xurídica⁷.

A necesidade de abandonar o hermetismo da personalidade xurídica é paradigmática nos supostos en que se abusa da limitación da responsabilidade derivada da creación da sociedade. Resulta interesante traer a colación un caso da xurisprudencia inglesa de 1897 para contraponer a valoración do xuíz e da Cámara dos Lores. *Salomon v. Salomon & Co. Ltd*⁸ sentou precedente e os seus pronunciamentos tiveron un grande impacto na xurisprudencia posterior durante décadas⁹. Salomon era un peleteiro (empresario individual) que decidiu constituír unha sociedade cos membros da súa familia e vender a esta o negocio. Ao ano, cando a sociedade foi liquidada o pasivo era insuficiente para satisfacer aos acredores. O xuíz entendeu que Salomon constituíra a sociedade cun propósito contrario á lei, polo que non debía ser beneficiado polo privilexio da responsabilidade limitada. Pola contra, a Cámara dos Lores ignorou as circunstancias en que tivo lugar a transmisión do negocio ou que os familiares de Salomon se presentasen como meros testaferrros, reafirmou a personalidade

sociedade e o dos socios. É dicir, defende a imposibilidade de facer responsable o patrimonio do socio por débedas sociais, posto que o debedor é unha persoa diferente.

⁶ BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho Privado español*, cit., páxs. 38 e ss: califica de “fundamental para o desenvolvemento no mundo económico moderno” a existencia de sociedades de capital.

⁷ Esta concepción dogmática será un inconvinte cando, durante a Primeira Guerra Mundial, os países belixerantes se amosen recelosos das sociedades cuxos membros sexan nacionais de Estados inimigos. Por exemplo, a Cámara dos Lores penetrou no *substratum* dunha sociedade constituída en Inglaterra pero cuxas accións, agás unha, pertencían a alemáns no coñecido caso *Daimler Co. Ltd. v. Continental Tyre & Rubber Corp*, cuxa resolución pode consultarse en

[http://www.bailii.org/cgi-bin/format.cgi?doc=/uk/cases/UKHL/1916/53SLR0845.html&query=\(continental\)+AND+\(tyre\)+AND+\(1915\)](http://www.bailii.org/cgi-bin/format.cgi?doc=/uk/cases/UKHL/1916/53SLR0845.html&query=(continental)+AND+(tyre)+AND+(1915)) (consultado por última vez o 11/07/2017).

⁸ <http://www.bailii.org/uk/cases/UKHL/1896/1.html> (consultado última vez o 11/07/2017).

⁹ Como se sinala en BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho Privado español*, cit., páxs. 118 e ss, a xurisprudencia inglesa non se actualizou até 1990 coa sentenza *Adams v. Cape Industries Plc*. Dela extráese que procede levantar o veo se a sociedade é unha mera fachada, aínda que non se establecen as pautas para valorar cando acontece isto.

independente da *Company* e declarou a Salomon non responsable ante ela nin ante os acredores.

Este exemplo axuda a perfilar o eixo común cando se obvia a personalidade diferenciada e independente da sociedade e se responsabiliza a quen, abusando das opcións que ofrece o ordeamento, emprega fraudulentamente o ente interposto. O fraude pode ser do máis variado, pero a efectos introdutorios cómpre sinalar que serán especialmente estudados os supostos en que se empregue como norma de cobertura o artigo 1.2 do Real Decreto Legislativo 1/2010, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Sociedades de Capital¹⁰.

A tarefa presenta a dificultade engadida da caracterización da S.L. como un tipo social “en que se combinan elementos procedentes de moi distintos modelos legislativos”¹¹. Tradicionalmente entendeuse que a S.L. é un tipo híbrido entre as sociedades personalistas e as capitalistas (é dicir, entre unha sociedade colectiva e unha anónima)¹². A exposición de motivos da anterior Lei 2/1995, de 23 de marzo, de Sociedades de Responsabilidade Limitada¹³ ilustráboo con claridade ao negar que se puidese entender unha S.L. como “unha pequena S.A.” ou unha sociedade colectiva cuxos socios gozan do beneficio da limitación de responsabilidade, consideracións que seguen vixentes. É por este motivo, ademais de por razóns de espazo, polo que a delimitación da aplicación da figura se restrinxen respecto destes dous tipos sociais.

Convén deixar sentado dende un comezo que a análise da máis recente xurisprudencia relativa ao levantamento do veo cando o ente interposto é unha Sociedade de Responsabilidade Limitada só resulta de interese cando o presuposto de aplicación da técnica é o fraude de lei e, concretamente, a norma de cobertura empregada o art. 1.2 da LSC. Isto provoca unha duplicidade de consecuencias. Por unha banda, como se explicará, este traballo debe obviar o tratamento que recibe o abuso de dereito, a equidade ou a mala fe como presupostos de aplicación da figura, xa que da súa análise é imposible obter ningunha especialidade respecto dun ente interposto S.A. ou cooperativa.

¹⁰ BOE núm. 161, de 03/07/2010.

¹¹ A cita extráese do Preámbulo da Lei de Sociedades de Capital e recolle o sentir da doutrina maioritaria e asentada.

¹² ÁVILA NAVARRO, P., *La Sociedad Limitada (Tomo I)*, Editorial Bosch, Barcelona, 2008, páxs. 9 e ss.

¹³ BOE núm. 71, de 24 de marzo de 1995, páxinas 9181 a 9206 (26 páxs.).

Por outra banda, é mester delimitar os casos en que a existencia dunha S.L. provoca na práctica *verdadeiras* especialidades. É dicir, non merecen ser traídos a colación casos en que a personalidade independente é empregada de forma fraudulenta para burlar a normativa laboral, posto que o resultado non varía aínda que o ente interposto sexa outro tipo social. Tampouco se producen diferenzas cando o levantamento do veo é pronunciado pola orde contencioso-administrativa ou pola penal. Tamén resulta estéril afondar nos últimos pronunciamentos do Tribunal Supremo sobre aspectos procesuais para aplicar a citada técnica, que nada específico sobre a S.L. achegan. É por isto polo que o obxecto de estudo foi fundamentalmente a responsabilidade civil e os intentos de defraudar as expectativas de cobro dos debedores a través deste tipo social que só precisa de 3.000€¹⁴ para ser validamente constituído.

Finalmente, adicouse un espazo á análise do comportamento da S.L. nun grupo de empresas, atendendo tamén á necesidade dunha cifra de capital social menor comparándoas cunha S.A. Sen embargo, non deixan de existir casos en que os grupos de empresas están formados na súa totalidade por S.L., sen que isto impida que poida levantarse o veo se concorren os requisitos.

II.- CONTEXTO HISTÓRICO: AS PRIMEIRAS SENTENZAS DO TRIBUNAL SUPREMO EN QUE PENETRA NO SUBSTRATUM DA PERSOA XURÍDICA. ORIXE E ANÁLISE DAS EIVAS AÍNDA SEN SOLVENTAR

Cómpre sinalar que nun primeiro momento os casos que chegan aos tribunais estudan a Sociedade Anónima como ente interposto. Tampouco é de extrañar que a xurisprudencia relativa a S.A. comece sendo a máis abundante, posto que, como sinala Embid Irujo¹⁵, até a reforma da LSC a meirande parte das sociedades adoptaban esta forma. Sen embargo na

¹⁴ Artigo 4.1 da LSC.

¹⁵ EMBID IRUJO, J. M., “Crisis económica, derecho de sociedades y tipología societaria” en ABRIANI, N. e EMBID IRUJO, J. M. (directores), *Crisis económica y responsabilidad en la empresa*, Editorial Comares, Granada, 2013, páxs. 3 e ss (24).

actualidade a tendencia mudou totalmente¹⁶, e aos tribunais acceden cada vez máis casos en que se trata de evitar o emprego da personalidade independente da S.L. cando esta é unha mera apariencia.

1.- A DOCTRINA DE TERCEIROS

En España non foi até a década de 1980 cando a xurisprudencia do Tribunal Supremo comezou a empregar a expresión “levantamento do veo”, pero a práctica xa era empregada dende os anos 50 baixo a denominación de “doutrina de terceiros¹⁷”. A afirmación de Pérez Bernabeu¹⁸, restrinxida ao ámbito tributario é xeralizable á doutrina de terceiros como técnica xurisprudencial: “a doutrina de terceiros non é equiparable á doutrina do levantamento do veo, pero ten en común o seu espírito: mirar máis aló da forma da persoa xurídica”. Polo tanto, independentemente da nomenclatura, as solucións propostas e a finalidade de ambas doutrinas é coincidente, e aseméllase ás respostas proporcionadas noutros ordeamentos¹⁹.

Nesta etapa inicial, o TS presta especial atención á valoración da boa fe e á existencia de fraude. A Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil) núm. 305/1950 de 12 de decembro de 1950²⁰ valora a conduta dunha das socias (que actúa de mala fe) para determinar que a Sociedade Limitada non pode alegar boa fe e, polo tanto, non está rexistralmente protexida.

Pola súa parte, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil) núm. 1654/1956 de 22 de xuño de 1956²¹ sinala que a sociedade non pode ter a consideración de terceiro respecto das obrigas asumidas polos socios, valorando tamén a existencia de mala fe. A creación da S.L. neste último caso tiña como finalidade o desprazamento do patrimonio dos socios, para

¹⁶ “Se antes daquela data (1989) se podía estimar que se constituían nove sociedades anónimas por cada unha limitada, agora a proporción inverteuse e segue medrando en favor da sociedade limitada” extraído de ÁVILA NAVARRO, P., *La Sociedad Limitada (Tomo I)*, cit., páx.12.

¹⁷ A doutrina debe ao seu nome á consideración de que “terceiro” é quen non interviu nun contrato ou acto, con independencia dos efectos que a este se traten de opoñer.

¹⁸ PÉREZ BERNABEU, B., “Levantamiento del velo y responsabilidad tributaria”, *Revista de información fiscal*, núm. 110, 2012, páxs. 33-72 (37).

¹⁹ No Dereito anglosaxón, recibe o nome de *disregard of the legal entity*, pero sen que se poidan sinalar diferenzas na praxe xudicial, máis aló das derivadas da existencia da *equity*. Valga como punto de partida que os supostos en que se aplica a doutrina son, en esencia, coincidentes cos que examinan os tribunais españois.

²⁰ Consultada na versión PDF facilitada polo CENDOX.

²¹ Consultada na versión PDF facilitada polo CENDOX.

evitar responder con este ás obrigas asumidas nun pasado. É dicir, preséntase como un mero instrumento con fin defraudatorio do cobro dos acredores, creando artificialmente un patrimonio separado.

2.- A SENTENZA DO TRIBUNAL SUPREMO DE 28 DE MAIO DE 1984

A doutrina²² é unánime ao sinalar que a Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1984²³, sentou xurisprudencia neste tema, polo que se ben resolve un suposto en que intervén unha Sociedade Anónima, é inescusable a súa cita. Ademais, debido á súa calidade e claridade, o argumentario proposto foi repetido, incluso literalmente, en innumerables ocasións. Finalmente, a resolución do caso non sufriría modificación algunha se a sociedade litigante fose unha S.L.

O litixio versa sobre o pago dunhas cantidades en concepto de danos e perxuizos provocados por filtracións e inundacións debidas a unha avaría nas conducións de auga. A demandante no seu escrito atribúelle ao Concello de Palma, propietario da empresa municipal Emaya S.A., a “derivación” cara ela das responsabilidades nadas de tal fallo. No punto 5º da contestación, négase esa atribución de responsabilidade a Emaya²⁴. A demanda, nun primeiro momento foi dirixida ao Concello e tras a ampliación, de forma conxunta a este e á empresa. O Tribunal absolve ao Concello da reclamación, pero condea á S.A. a pesar da excepción de prescrición do dereito oposta por esta. Considera que a acción de reclamación non prescribe²⁵ por mor de tela dirixido contra o Alcalde, ao mesmo tempo, Presidente do Consello de Administración da empresa e representante dela.

²² DE ÁNGEL YAGÜEZ, R., *La doctrina del “levantamiento del velo” de la persona jurídica en la jurisprudencia*, Thomson Civitas, Navarra, 2006, páxs. 121 e ss.; BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho Privado español*, cit., páxs.185 e ss.

²³ <http://www.unizar.es/adj/sentencias/mercantil/sts28051984.pdf> (Consultada última vez o 11/07/2017).

²⁴ “(...)Non se cre en absoluto que o Concello de Palma puidese atribuír en ningún momento nin lugar responsabilidade algunha a "Emaya", polos feitos que se relatan na demanda (...) porque ao haber unha independencia xurídica total entre as personalidades do Concello (Entidade de dereito público) e "Emaya" (Entidade de dereito privado) ningunha manifestación ou actuación daquela Corporación pode por si soa determinar unha atribución de responsabilidade económica a cargo desta última”.

²⁵ Resulta anecdótico, por infrecuente, que o primeiro caso en que o T.S. alude ao levantamento do veo se refira a unha reclamación con efecto interruptivo da prescrición.

O primeiro considerando da sentenza é determinante unha vez recoñecida a personalidade xurídica independente da sociedade: Emaya S.A. é (presuntamente) a única responsable do dano e a única debedora, e só contra ela (única lexitimada pasiva) debeu dirixirse a reclamación a efectos de interromper a prescrición. O considerando 2º engade que, en valoración das circunstancias de cada caso, admítese que os xuíces poden levantaren o veo xurídico, entre outros, “cando sexa preciso para evitar o abuso desa independencia”²⁶. O citado abuso da independencia é a negación da interrupción da prescrición á luz das seguintes circunstancias: o Concello é órgano da Sociedade demandada e o Alcalde é o Presidente do Consello. A identidade de persoas impide que se poida entender que a interpelación realizada ao Concello non interrompeu a prescrición. Sería contrario ao ordenamento xurídico apreciar que o tempo de prescrición seguiu transcurrido cando o Alcalde era coñecedor da reclamación.

Esta sentenza marcou un fito na praxe xudicial español e nos vindeiros anos o número de resolucións en que se aplicou a doutrina medrou exponencialmente. Do conxunto da xurisprudencia que trata o tema pódense extraer os requisitos comúns para a aplicación desta técnica, aínda que de acordo cos grupos de casos que se van sinalando, cada un deles presenta esixencias diferentes²⁷.

3.- A PLURALIDADE DE PRESUPOSTOS COMO DEFICIENCIA INICIAL E SEN SOLVENTAR. A SÚA CONSECUENCIA: AS DIFICULTADES SISTEMÁTICAS

Sen embargo, a STS que se acaba de analizar merece unha crítica posta de manifesto por Boldó Roda²⁸, e é que a enumeración de principios xurídicos e institucións sobre as que basear o levantamento do veo é, a entender da autora, unha “referencia en bloque”, que non explícita se deben entenderse cumulativos ou alternativos. É dicir, o TS, aínda na actualidade,

²⁶ A Sala reforza a súa postura recollendo pronunciamentos de sentenzas estranxeiras, e así expón que "quen manexa internamente de modo unitario e total un organismo non pode invocar fronte os seus acredores que existen exteriormente varias organizacións independentes", nin tampouco, "cando o control social efectivo estea en mans dunha soa persoa, sexa directamente ou a través de testafellos ou doutra sociedade".

²⁷ Para máis detalle, *vid* a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 326/2012, de 30 de maio de 2012: “En calquera caso, non poden mesturarse un tipo de supostos con outros, pois na práctica cada un deles require os seus propios presupostos, ademais, poden conlevar distintas consecuencias”.

²⁸ BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho Privado español*, cit., páxs. 452 e ss.

limitase a mesturar a equidade²⁹ (art. 3.2 do Real Decreto de 24 de xullo de 1889 polo que se aproba o Código Civil³⁰), a boa fe (art. 7.1 CC), o fraude de lei (art. 6.4 CC) e o abuso de dereito (art. 7.2 CC), sen profundizar nos conceptos ao fío do levantamento do veo. Pola súa parte, Hurtado Cobles³¹ sinala a necesidade de atopar “criterios obxectivos” en que basealo.

Ante este tratamento defectuoso da fundamentación, Boldó Roda defende, en primeiro lugar, que a equidade non é un recurso válido nun ordenamento de *Civil Law* e, en segundo lugar, que non procede a aplicación conxunta das demais normas enumeradas, posto que a súa configuración provoca que o xogo entre elas sexa excluín³². A aceptación destas premisas, sen dúbida atinadas, abocan a un tratamento peculiar do problema da fundamentación da doutrina do levantamento do veo cando se solicita penetrar no *substratum* dunha S.L. Como foi adiantado, carece de utilidade analizar (por descontado, a equidade) a boa fe e o abuso de dereito se se pretende chegar a conclusións diferentes respecto doutros tipos sociais.

Por outra banda, cómpre sinalar a prevalencia da labor xurisdiccional respecto da regulación legal á hora de delimitar cando procede levantar o veo da personalidade. A diferenza doutros ordenamentos, como o mexicano³³, no español non houbo sequera intentos de regulación desta técnica. Isto provoca un conflito entre a seguridade xurídica e a xustiza material que trata de acadarse coa aplicación da técnica. O pulso de valores xa foi sinalado dende un primeiro momento pola STS de 28 de maio de 1984, posto que na mesma preténdese xustificar penetración no *substratum* da sociedade co gallo de evitar que a personalidade validamente constituída perxudique intereses alleos ou “sexa empregada como camiño do fraude”. É dicir, a regra xeral é e debe ser o respecto da persoa xurídica independente, unha vez validamente constituída. O TS sinala na mesma sentenza sobre a

²⁹ Sen ánimo de profundizalo neste momento, é criticable a referencia á equidade atendendo á regulación que dela se fai no art. 3.2 do CC. Debése entender como un calco tomado do *piercing of the veil* anglosaxón.

³⁰ BOE núm. 206, de 25/07/1889.

³¹ HURTADO COBLES, J., *La doctrina del levantamiento del velo societario en España e Hispanoamérica*, Atelier, Barcelona, 2008, páx. 36 e ss.

³² BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho Privado español*, cit., páxs. 453 e ss.

³³ Aínda que con resultados infrutuosos, en 2002 presentouse ante o Senado o Proxecto de Decreto polo que se crea a Lei de desestimación da Personalidade Xurídica Societaria.

http://sil.gobernacion.gob.mx/Archivos/Documentos/2002/11/asun_135226_20021121_841792.pdf (consultado última vez o 21/06/2017).

personalidade xurídica propia que é “de obrigado cumprimento, por suposto”. Sen embargo, o valor seguridade xurídica debe ponderarse e, nalgúns casos ceder, cando colisione cos dereitos que o respecto da personalidade da sociedade lesionaría.

III.- ÁMBITO DE APLICACIÓN DA FIGURA

Como foi sinalado, a configuración da S.L. como un tipo híbrido entre a S.A. e a sociedade colectiva trae como consecuencia cinguir a análise do presente traballo a estes tipos sociais. Abordarase en primeiro lugar a delimitación respecto da sociedade colectiva, posto que ao ser o tipo social personalista por antonomasia presenta menos conflitos. A continuación, delimitarase respecto da S.A., coa que comparte a característica de sociedade capitalista e parte da regulación establecida na LSC.

1.- A SOCIEDADE COLECTIVA

O punto de saída é o artigo 116 do Real Decreto de 22 de agosto de 1885 polo que se publica o Código de Comercio³⁴, cuxa dicción literal dispón que “Unha vez constituída a compañía mercantil, terá personalidade xurídica en todos os seus actos e contratos”. A maiores, a regulación específica deste tipo social comeza no art. 125.

1.1. Consideracións iniciais sobre a responsabilidade. A inaplicabilidade do levantamento do veo

Ao abeiro do art. 127 todos os socios están obrigados de forma persoal e solidaria aos resultados que as operacións realizadas pola compañía produzan, con independencia de que xestionen ou non a mercantil responderán con todos os seus bens³⁵. A responsabilidade dos socios é subsidiaria respecto da da sociedade, co que o acredor primeiro terá que tratar de satisfacerse co capital social³⁶. Engade o art. 237, ao regular o termo e liquidación, que os

³⁴ BOE núm. 289, de 16/10/1885.

³⁵ É un claro engarce co art. 1911 do Código Civil: “Do cumprimento das obrigas responde o debedor con todos os seus bens, presentes e futuros”.

³⁶ A salvagarda do patrimonio persoal dos socios que supón a responsabilidade subsidiaria pode non ser tal na práctica. Repárese que o art. 125 non esixe cifra de capital social mínima, co que o activo pode ser facilmente

bens dos socios colectivos que non fosen achegados á sociedade non serán executados até que o capital social se demostre insuficiente para satisfacer aos acredores³⁷.

Dunha lectura apresurada do artigo 127 podería sentenciarse que respecto dunha sociedade colectiva (personalista por antonomasia) sería absurdo tratar de levantar o veo por mor da súa configuración. O resultado que a técnica produciría sería a mesma sanción que o ordenamento prevé *ex lege*: a afectación do patrimonio persoal do socio, unha vez imputada a débeda ao social. Esta solución, a pesar de ser a correcta, esquece sopesar que acontece coas débedas contraídas pola sociedade colectiva cando a responsabilidade é extracontractual, posto que a literalidade do art. 127 só se refire ás débedas contractuais. O problema é máis teórico que práctico debido ao escaso número deste tipo de sociedades. A interpretación maioritaria do precepto é que inclúe tamén a responsabilidade extracontractual, a pesar da súa deficiente formulación que obvia aludila.

Noutra orde de falsos problemas, o art. 141 do Código de Comercio ao regular a participación nas perdas, expón que se imputarán sen comprender aos socios industriais. A correcta interpretación do precepto non é outra que referilo ás responsabilidades internas daqueles socios que só achegan traballo ou servizos, non se refire á responsabilidade fronte terceiros, que é o escenario en que o levantamento do veo se configura como unha técnica idónea para protexer dereitos.

En conclusión, se a forma que reveste a sociedade é a colectiva, é un efecto consubstancial á súa creación a responsabilización dos patrimonios dos socios, con independencia das achegas que fixesen ao capital social. Neste eido non hai diferenza en actuar no tráfico baixo a forma dunha sociedade ou como empresario individual: a responsabilidade é a mesma.

1.2. Os supostos de transformación.

inferior ao pasivo. Neste caso, os debedores terán dereito a satisfacer os seus créditos cobrándoos do patrimonio propio dos socios.

³⁷ A dicción coa que o artigo configura o denominado “beneficio de excusión” é máis arcaica pero reflicte a mesma idea: “Os bens particulares dos socios colectivos que non se incluíron no haber da sociedade ao formars esta, non poderán ser executados para o pago das obrigas contraídas por ela, senón despois de ter feito excusión do haber social”.

O cambio de tipo social é unha operación totalmente lícita ao abeiro do artigo 3 da Lei 3/2009, de 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís³⁸. A transformación supón que unha sociedade adopta outro tipo social sen perder a súa personalidade xurídica, que conserva en todo caso³⁹. O seguinte precepto dese texto legal permite no apartado 1º que calquera sociedade mercantil (que estea inscrita) se transforme noutro tipo social.

Como sinala Garrido de Palma⁴⁰, o efecto fundamental da transformación dunha sociedade é o cambio de réxime xurídico. O devandito cambio de réxime só resultará problemático naqueles casos en que sexa empregado con fins fraudulentos para danar os dereitos de crédito dos acredores.

1.2.1. A transformación dunha S.L. en sociedade colectiva

No art. 21 LSC recóllese que os socios que tras a transformación asuman unha responsabilidade persoal e ilimitada (en definitiva, máis protectora cos dereitos dos acredores) responderán do mesmo modo polas débedas contraídas antes da operación. Polo tanto, con esta previsión evítase aplicar a doutrina do levantamento do veo respecto daquel socio dunha S.L. que se transforma nunha sociedade colectiva. Esta previsión legal, cuxa *ratio* non é dende logo propiciar os cambios de forma social, coida con excesivo celo os dereitos xa adquiridos por debedores anteriores á transformación, posto que os equipara con aqueles que adquiren tal condición contratando posteriormente cunha sociedade colectiva.

1.2.2. A transformación dunha sociedade colectiva nunha S.L.

O suposto está regulado expresamente no art. 21 no apartado 2º. Para el, prevese que, agás consentimento expreso dos acredores á transformación, a responsabilidade anterior (máis protectora dos seus intereses) subsistirá durante os cinco anos seguintes. Sen embargo,

³⁸BOE núm. 82, de 04/04/2009.

³⁹ Estas consideracións iniciais son predicables respecto da transformación dunha S.A. en S.L. e viceversa, polo que serán obviadas na exposición do tema para evitar reiteracións. O marco legal é común para todas as sociedades mercantís.

⁴⁰ GARRIDO DE PALMA, V. M., *La Ley 3/2009 de las modificaciones estructurales de las sociedades mercantiles*, Civitas, Pamplona, 2009, páxs. 45 e ss.

Garrido de Palma⁴¹, entende o consentimento nun sentido máis próximo a unha dispensa ou renuncia. Sexa como for, a devandita responsabilidade persoal prescribirá unha vez transcurridos cinco anos dende a publicación da transformación no Boletín Oficial do Rexistro Mercantil. O sometemento a un prazo de prescrición (e non de caducidade) permite a posibilidade de que sexa interrompido coa reclamación da débeda. Esta previsión legal non exclúe que os patrimonios persoais sexan efectivamente responsabilizados polas débedas da sociedade se, aínda transcurrido o prazo de prescrición, concurren os presupostos para levantar o veo.

A forma en que se artella o suposto é a seguinte. Se os socios deron o seu consentimento á transformación, ven automaticamente limitada a responsabilidade do debedor e só poderán satisfacer as súas débedas con cargo ao patrimonio persoal dos socios se proban a concurrencia de ánimo defraudatorio. A existencia de engano ou abuso de dereito que permita empregar a técnica é difícil de imaxinar, toda vez que para que mude o tipo de responsabilidade é necesario o consentimento do acredor⁴².

A segunda hipótese nace da non aceptación expresa por parte dos acredores do cambio de tipo social. Se así fose, os socios seguirán respondendo persoalmente das débedas contraídas con anterioridade con eles durante os 5 anos seguintes. A responsabilidade ilimitada cesará unha vez transcurrido este prazo baixo a *condictio sine qua* non de que o acredor non reclamase. Se o acredor reclamase, produciríanse os efectos propios da interrupción da prescrición: cómputo do prazo dende novo.

O suposto problemático xorde cando o acredor deixou transcurrir o prazo de prescrición sen reclamar a débeda e, cando o fai concurre a circunstancia de que o patrimonio social é insuficiente para saldala. Neste escenario a única opción que se lle presenta é tratar de atacar o patrimonio persoal do socio da agora S.L. Para que a súa pretensión prospere deberá acreditar a concurrencia de fraude ou abuso de dereito, que será difícil de artellar coa súa postura pasiva ante a reclamación do crédito durante cinco anos.

⁴¹ GARRIDO DE PALMA, V. M., *La Ley 3/2009 de las modificaciones estructurales de las sociedades mercantiles*, cit., páxs. 44 e ss.

⁴² Maior virtualidade presentaría na práctica o suposto se abondase cun consentimento tácito en que o silencio do acredor equivalese a aceptación da transformación.

2.- A SOCIEDADE ANÓNIMA.

Tras a refundición efectuada pola Lei de Sociedades de Capital, a delimitación entre este tipo social e a Sociedade de Responsabilidade Limitada é aínda máis tenue e, polo tanto, complexa.

Como sinala Embid Irujo⁴³, o Dereito de sociedades español nunca se caracterizou por unha marcada diferenza entre S.A. e S.L., ao contrario do que acontece en ordenamentos de corte xermano (o mesmo alemán). Así, a elección dunha forma ou doutra, sostén o autor, non vén determinada polo ámbito empresarial en que se vaia actuar⁴⁴. A mesma opinión foi defendida por Ávila Navarro⁴⁵, antes da refundición, aínda que admitía que o proxecto do lexislador era encamiñar a elección da forma segundo o tamaño: S.L. para pequenas e medianas empresas e S.A. para as grandes.

Do mesmo modo, o Preámbulo da Lei de Sociedades de Capital recolle esta realidade aludindo a unha “unidade substancial entre as distintas formas das sociedades de capital”, o que dificulta a tarefa de achar elementos diferenciadores á hora de aplicar a técnica do levantamento do veo. Sen embargo, ditos elementos existen e, unha vez identificados, procede analizar a súa trascendencia.

2.1. A relevancia da cifra de capital social mínimo

O punto de partida é a varianza entre a cifra de capital social mínimo esixida para constituír validamente cada tipo social. No caso unha S.L., abonda con achegar 3.000€ mentres que para unha S.A. ascenden a 60.000€⁴⁶. Esta diferenza cuantitativa pode ser tida en conta á hora de escoller a forma do ente interposto, dado que é unha vantaxe indubidable a menor cantidade de diñeiro afectado pola responsabilidade. Tendo en conta que un dos casos arquetípicos de constitución fraudulenta dunha sociedade ten como obxectivo eludir responsabilidades e que non deba responder das obrigas contraídas o patrimonio persoal, quen obra con este obxectivo procurará doutar a persoa xurídica da menor cifra de capital social.

⁴³ EMBID IRUJO, J. M., “Crisis económica, derecho de sociedades y tipología societaria”, cit., páx. 24.

⁴⁴ Valga como excepción que confirma esta regra xeral a regulación específica das sociedades cotizadas recollida na Lei 24/1988, de 28 de xullo, do Mercado de Valores.

⁴⁵ ÁVILA NAVARRO, P., *La Sociedad Limitada (Tomo I)*, cit., páx.11.

⁴⁶ Art. 1 LSC.

Sen embargo tampouco son alleos á xurisprudencia os casos en que o ente interposto é unha S.A. descapitalizada, en que se aproveita a existencia dunha sociedade deste tipo para usala como pantalla tras a que se agocha unha S.L. que é a que desenvolve realmente a actividade. Adiantando conceptos que serán afondados no epígrafe VI, a norma defraudada é o artigo 1101 CC, empregando como norma de cobertura o art. 1.3 LSC. A Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 497/2013, de 29 de xullo de 2013⁴⁷ resolve un caso “atípico” de acordo coa liña con que até o de agora se presentou o traballo, posto que procede a levantar o veo dunha S.A., ente interposto a través de que actúa unha S.L. Os datos máis relevantes do suposto analizado son que a cifra de capital social S.A. roza o mínimo legal, e o resultado dos exercicios anteriores é negativo, mentres que a S.L. presenta resultados positivos.

Os vínculos existentes entre Talleres Llanea, S.L. e Diseño Fabricación y Mediambiente, S.A. (DIFAMASA) enténdense probados pola concurrencia cumulativa das seguintes circunstancias: unidade de dirección así como a pertenza dos socios a unha mesma familia, a coincidencia de domicilios sociais e incluso confusión de esferas (as labores encargadas a unha empresa son realizadas nas instalacións da outra). Ademais, da análise da tesourería de ambas sociedades⁴⁸ extrapólase que a intervención de DIFAMASA no contrato de execución de obra litixioso foi en calidade de instrumento de Talleres Llanea. A este respecto o tribunal determina que DIFAMASA interviu no contrato “coa finalidade de preservar o patrimonio desta última (Talleres Llanea) fronte as eventuais responsabilidades económicas que puidesen derivaren da contratación”. Polo tanto, pese á existencia formal de dúas personalidades separadas, o T.S. levanta o veo societario para evitar que os dereitos da outra parte contratante sexan burlados, posto que aínda que contratou cunha sociedade “descapitalizada” (en palabras do tribunal), era Llanea quen efectuou a obra de forma material, a ela corresponde atribuír a responsabilidade por execución defectuosa da obra.

Polo tanto, o Tribunal estende a responsabilidade á S.L., coa sanción propia do fraude de lei: a aplicación da norma que se pretendeu soslariar (o artigo 1101 CC).

2.2. A configuración dos tipos.

⁴⁷ Roj: STS 4096/2013 - ECLI: ES:TS:2013:4096.

⁴⁸ *Vid* fundamento xurídico 3º.

A outra especialidade que cabe reseñar é, como sinala a Exposición de motivos da LSC, que as S.A. se configuran cun sistema de defensa do capital social máis férreo, mentres que nas S.L. se permite substituír eses mecanismos por réximes de responsabilidade.

2.3. A transformación dunha S.A. en S.L.

O punto de saída, aínda que obvio, non debe ser omitido: a operación supón un cambio na cifra de capital social mínimo esixido pola lei.

O suposto arquetípico preséntao a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 1375/2007 de 19 de decembro de 2007⁴⁹ cuxos feitos son os seguintes: D. Rafael falece mentres prestaba servizos a Construcciones Briceño, S.A, e os seus familiares vencen no litixio en que a mercantil é condeada a pagarlles unha indemnización de natureza civil. Con posterioridade a que recaese sentenza firme condeatoria, nunha Xunta Xeral Extraordinaria acórdase a transformación da S.A. en S.L. Como foi sinalado, o cambio de forma societaria non provoca a desaparición da personalidade da S.A., pero si permite aos socios reducir a cifra de capital social.

Como cuestión preliminar, o T.S., á vista do material probatorio, califica que a nova sociedade como unha “tapadeira” cuxa finalidade era eludir o pago da indemnización⁵⁰, defraudando o art. 1902 CC. Unha vez sinalado isto, o *quid* do asunto xira arredor do contido da executoria, que ao igual que a acción de responsabilidade extracontractual, se dirixe á S.A. Os demandados opoñen falta de lexitimación da S.L. e a prescrición. O Tribunal Supremo falla que a executoria pode facerse efectiva fronte aqueles que se aproveitaron do ente interposto, que foi o reclamado en 1ª instancia, sen que prospere a alegación da prescrición⁵¹.

O fundamento xurídico 2º sinala que a doutrina do levantamento do veo “(se) pon ao servizo dunha persoa, física ou xurídica, para facer efectiva unha lexitimación pasiva distinta á que resulta da relación (...) mantida cunha determinada entidade ou sociedade”. É dicir, responsabilízase a terceiros alleos á relación cando a sociedade é un mero ente interposto con

⁴⁹ Roj: STS 8639/2007 - ECLI: ES:TS:2007:8639

⁵⁰ A S.L. nunca tivo actividade, tampouco patrimonio ou traballadores.

⁵¹ Esta, ademais da histórica STS de 28 de maio de 1984, é unha das poucas sentenzas en que o levantamento do veo se liga coa (non) apreciación da prescrición do dereito.

fin defraudatorio, fin que se dá cando se busca evitar o pago de débedas abusando dunha opción que proporciona o ordenamento, tal como é a transformación da sociedade.

Unha vez máis a sanción é a aplicación do precepto relativo a responsabilidade que se tratou de defraudar baixo a cobertura da personalidade xurídica independente.

2.4. A delimitación da escisión da S.A. en varias S.L. e a (in)existencia de ánimo defraudatorio inherente

Esta operación, regulada nos arts. 68 e ss. da Lei 3/2009, supón a transmisión en bloque, da totalidade ou parte do patrimonio social. A diferenza baséase en que, de ser a escisión total, a sociedade desaparecerá e, en caso contrario, subsistirá.

Para unha mellor comprensión, procede estudar o caso tratado pola Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 670/2010, de 4 de novembro de 2010⁵², que entrelaza o que semella a escisión⁵³ dunha S.A. en dúas S.L. e a petición de levantamento do veo por parte dun anterior accionista (que entende que o baleiramento da S.A. lesiona os seus intereses).

Os feitos son os seguintes: a sociedade Manuel Álvarez e hijos Canarias S.A. desenvolve con normalidade a súa actividade até 1991, ano en que son creadas Álvarez Las Palmas S.L. e Álvarez Tenerife S.L., posto que a elas deriva o seu patrimonio e negocios. D. Eulalio, propietario do 10% das accións, solicita ser declarado titular da mesma porcentaxe de participacións das S.L.

En primeiro lugar, o TS declara que un suposto como o anterior non ilustra unha escisión *de facto*, senón que o que se produciu é un baleiramento da S.A. A continuación, declara improcedente a aplicación do levantamento do veo que, de acordo coa solicitude do demandante suporía “impoñer coactivamente a subentrada de socios na sociedade cuxa personalidade se afirma empregada de forma fraudulenta”⁵⁴. Como afirma o tribunal, dita actuación suporía unha contradición en si mesma, posto que por unha banda afirma a existencia da pretendida personalidade fraudulenta e, pola outra, outórgalle efectos obviando

⁵² Roj: STS 7568/2010 - ECLI: ES:TS:2010:7568.

⁵³ A configuración da escisión na anterior Lei de Sociedades Anónimas non presenta diferenzas respecto da recollida na Lei 3/2009, como sinala o TS no fundamento xurídico 8º.

⁵⁴ Fundamento xurídico 8º.

a anterior calificación. Por outra banda, o TS non aprecia emprego defraudatorio da personalidade e sinala a necesidade de discernir “a actuación irregular dunha sociedade co emprego fraudulento da personalidade”.

En conclusión, o baleiramento da S.A. é unha actuación irregular, pero non supón o emprego fraudulento da personalidade. A falta deste requisito esencial, non procede levantar o veo das S.L. beneficiadas polo trasvase e, en ningún caso, podería acollerse a pretensión do demandante de ser partícipe daquela sociedade que acusa de ser unha mera pantalla. Sendo a escisión unha operación habilitada pola Lei 3/2009, non pode presumirse ánimo defraudatorio ao efectuala, senón que o demandante debe achegar probas que xustifiquen a aplicación do levantamento do veo.

Pola súa parte, a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 796/2012, de 3 de xaneiro de 2013⁵⁵ acolle a pretensión do levantamento do veo solicitada por D. Jesús Carlos (cesionario dun crédito fronte Ramón Vizcaino S.A.), quen reclama este ás sociedades beneficiarias pola escisión parcial da debedora (entre elas, Grupo Vizcaino de Empresas Industriales y de Servicios, S.L.), afirmando que a escisión foi realizada co obxectivo de defraudar o seu dereito de crédito reclamado con anterioridade. O T.S. entende que a personalidade xurídica foi empregada de forma abusiva coa constitución dun entramado de sociedades⁵⁶ cuxa finalidade era dificultar o cobro do crédito ao acredor. Para apreciar o carácter abusivo, o tribunal non só atende á existencia e configuración do entramado⁵⁷, senón tamén ao momento temporal en que comeza (inmediatamente despois do requirimento formal de pago) e tamén valora a importancia cuantitativa do crédito. A entender do tribunal, a finalidade das devanditas escisións era “distraer a unidade económica de que xurdira o crédito

⁵⁵ Roj: STS 433/2013 - ECLI: ES:TS:2013:433

⁵⁶ Que, como sinala o fundamento xurídico 11º, comparten obxecto social, domicilio e administración, ademais de inducir a confusión por mor das denominacións.

⁵⁷ Ramón Vizcaino, S.A. escíndese parcialmente, crea a S.A. Ramón Vizcaino Internacional, múdalle a denominación social a Tecfrindus, S.A. e decláraa en quebra ao abeiro da normativa vixente en 1999. Pola súa parte, Internacional de Refrigeración RV, S.A. (a sociedade escindida) muda de denominación social e adquire as accións de Ramón Vizcaino Internacional S.A., escindíndose parcialmente e beneficiando a GRV Grupo Vizcaino de Empresas Industriales y de Servicios, S.L. Á S.L. son transmitidas as accións de Ramón Vizcaino Internacional S.A. e posteriormente compra máis do 90% do capital social de Ramón Vizcaino Refrigeración, S.A. En conclusión, os movementos tendentes a defraudar o crédito de D. Jesús Carlos finalizan co trasvase de accións e activos a unha S.L. que se emprega como tapadeira.

da sociedade orixinalmente debedora, para que os seus activos presentes e futuros non respondesen da débeda, á vez que provocaba a quebra da debedora orixinaria”, co que procede a levantar o veo societario.

3.-A SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA E A SLNU

3.1. A Sociedade Limitada e a SLNU

Como foi sinalado con anterioridade, a refundición levada a cabo en 2010 e que culminou coa aprobación da LSC dispou parte das diferenzas existentes entre S.A. e S.L. Mantense, sen embargo, unha diferenza importante na cifra de capital mínimo e algunhas varianzas ao longo do texto, como a posibilidade de constituír unha S.L. en réxime de formación sucesiva. Por outra banda, tradicionalmente o tratamento da unipersonalidade difería entre ambos tipos sociais, situación que a LSC mudou ao establecer unha regulación conxunta.

Pola súa parte, a SLNU é un subtipo de S.L. creado no 2003 susceptible de presentar conflitos diferentes por mor das súas características. A configuración desta figura introduce especificidades no réxime xeral das S.L. co obxectivo de adaptarse mellor ás necesidades dos emprendedores, tratando de achegar unha simplificación que quizais na realidade non se logrou⁵⁸.

De acordo co art. 437.1 LSC só poderán ser socios dela persoas físicas. Polo tanto, nunca se presentará o suposto de levantar o veo e responsabilizar por unha débeda da SLNE o patrimonio afecto a outra sociedade, agás que forme parte dun grupo de empresas⁵⁹. A cifra de capital social, que estará dividida en participacións, de acordo co art. 443, non poderá ser inferior a tres mil euros, pero tampouco exceder dos cento vinte mil⁶⁰.

⁵⁸ Algúns autores como B. Arruñada ao longo de *Formalización de empresas. Costes frente a eficiencia institucional* falan do “fracaso” da Sociedade Limitada Nova Empresa ao sopesar ambos extremos, cuestión que non procede discutir neste traballo.

⁵⁹ O tratamento da problemática do grupo de empresa realizarase de forma común coas S.L., posto que non hai diferenzas reseñables.

⁶⁰ Esta limitación no capital pódese evitar coa conversión en S.L. (art. 454). En caso contrario, a Lei prevé que un aumento de capital por riba do tope establecido permite aos socios optar por transformar a sociedade noutro tipo ou continuar actuando no tráfico como unha S.L.

Por outra banda, o disposto no art. 435LSC non debe levar a equívocos sobre o tipo de responsabilidade aínda que a súa redacción difira respecto das regras de denominación xerais para S.L. recollidas nos arts. 400 e ss. do Real Decreto 1784/1996, de 19 de xullo, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Mercantil⁶¹. O precepto específico para SLNE esixe que no momento da constitución a denominación estea formada polos dous apelidos e o nome dun socio fundador, ademais dun código alfanumérico. A inclusión do nome dun socio non provoca que este sexa responsable de forma reforzada, limítase a ser unha esixencia que deixa entrever de modo sutil o carácter máis persoalista comparada coa S.L., como sinala Ávila Navarro⁶². A citada norma, a diferenza do art. 126 do Código de Comercio para sociedades colectivas (ao que recorda vagamente), non engade un derradeiro parágrafo en que se sanciona cunha agravación da responsabilidade a quen incluía na razón social o seu nome.

3.2. Levantamento do veo e unipersonalidade. Un exemplo paradigmático de normativación

A postura tradicional fronte a unipersonalidade propugnaba a consideración desta circunstancia como unha causa de disolución da sociedade, fundándose en que era contraria ao Dereito e á Moral⁶³. Nun primeiro momento, a doutrina do levantamento do veo foi especialmente prolixa e inflexible ante sociedades constituídas por un único socio (ou coa convivencia de testafellos) e ante aquelas sociedades que, contando no inicio cunha pluralidade de socios, adquiren posteriormente a condición de unipersoais.

Unha postura máis moderna e progresista afirma que a unipersonalidade non é *per se* un suposto en que proceda ignorar a personalidade autónoma e diferenciada da sociedade. Así, a Sentenza da Audiencia Provincial de Palma de Mallorca núm. 637/1999, de 8 de setembro de 1999⁶⁴, concorda co xulgador *a quo* en que no caso axuízado procede levantar o veo da personalidade nun suposto de adquisición de unipersonalidade analizando as circunstancias concorrentes. A transformación de Villalba Promociones y Ventas, S.L. en unipersoal, enaxenación do seu patrimonio e posterior disolución levadas a cabo por D. César (socio e

⁶¹ BOE núm. 184, de 31/07/1996.

⁶² ÁVILA NAVARRO, P., *La Sociedad Limitada (Tomo II)*, Editorial Bosch, Barcelona, 2008, pág.1152.

⁶³ ÁVILA NAVARRO, P., *La Sociedad Limitada (Tomo II)*, cit., pág.1114.

⁶⁴ Roj: SAP IB 2297/1999 - ECLI: ES:APIB:1999:2297

administrador), non poden calificarse doutra maneira que non sexa unha actuación fraudulenta cuxo obxectivo é evitar a responsabilidade que este debería afrontar e gravaría o seu patrimonio (en definitiva, defraudar o art. 1911 abusando da personalidade independente da S.L. recoñecida polo ordenamento xurídico).

A regulación da unipersonalidade en España foi dende os comezos máis aperturista respecto das S.L. que das S.A. A normativa para ambos tipos sociais estaba recollida na Lei 2/1995, de 23 de marzo, de Sociedades Limitadas⁶⁵ (aínda que o Real Decreto Lexislativo 1564/1989, de 22 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas⁶⁶ remitía a ela). Para S.A., a lei de 1989 no artigo 14.1 mantiña a esixencia dun mínimo de tres socios no momento da constitución (exceptuándoa no apartado 2º para as sociedades constituídas polo Estado, Comunidades Autónomas, Entidades Locais e organismos que dependesen desta tipoloxía de Administracións). Pola súa parte, a L.S.R.L. gardaba silencio respecto da necesidade ou continxencia dun número mínimo de socios, posto que nela non existía un artigo homólogo ao 14 LSA. De todos modos, a interpretación proposta pola doutrina maioritaria atopaba inconvincentes dogmáticos para aceptar a constitución dunha S.L. por un único socio. Respecto da unipersonalidade sobrevida, os reparos para admitila foron disipándose, primeiro admitíndoa como unha situación provisional ou transitoria, encamiñada a obter de novo a pluralidade de socios, até aceptala como unha situación permanente sen visos de mudar.

Na actualidade, a regulación recollida no Capítulo II do Título I da LSC é común para S.L. e S.A. A admisión da sociedade unipersoal, sexa inicial ou sobrevida, obriga a delimitar os requisitos adicionais para poder levantar o veo dunha persoa xurídica en que concorre esta circunstancia e que Ávila Navarro⁶⁷ resume en dous cumulativos: apreciación do abuso de dereito e limitación ao caso de fraude⁶⁸.

Por outra banda, a regulación da publicidade da unipersonalidade sobrevida deseñada no art. 14 LSC sanciona ao socio único que non a fai constar no Rexistro Mercantil coa agravación da responsabilidade derivada da actuación da sociedade. En efecto, se tal

⁶⁵ BOE núm. 71, de 24 de marzo de 1995, páxinas 9181 a 9206 (26 páxs).

⁶⁶ BOE núm. 310, de 27 de decembro de 1989, páxinas 40012 a 40034 (23 páxs.).

⁶⁷ ÁVILA NAVARRO, P., *La Sociedad Limitada (Tomo II)*, cit., pág.1116.

⁶⁸ Fraude que sinala o autor “non pode presumirse no feito de buscar unha responsabilidade limitada no exercicio social”.

circunstancia non é inscrita no prazo de seis meses, computados de data a data, o socio único responderá de forma persoal e ilimitada (ademais de solidaria coa sociedade) da débedas sociais contraídas durante o período de unipersonalidade. O apartado 2º do precepto sinala que, unha vez inscrita a unipersonalidade, o socio único xa non terá unha responsabilidade con semellantes características respecto das débedas que sexan contraídas con posterioridade. Esta sanción inhabilita a aplicación da doutrina do levantamento do veo, posto que normativamente está a prever os efectos que a través dela obtén o órgano xudicial. Devén estéril solicitar a aplicación da técnica se a aplicación do corpo normativo permite obter o mesmo resultado. A existencia de lexislación nesta liña provoca que parte da doutrina⁶⁹ sinala a “normativización” da doutrina do levantamento do veo.

A normativación, tamén denominada desentendemento legal, é definida por Hurtado Cobles⁷⁰ como “unha limitación de carácter previo e normativo aos efectos propios derivados do outorgamento da personalidade xurídica a unha sociedade”. En conclusión, a lexislación que se ve impregnada desta tendencia contén cláusulas que impiden que a personalidade xurídica chegue a despregarse na súa totalidade e, a un tempo, é unha excepción legal á regra xeral que propugna a irresponsabilidade do socio polas débedas sociais.

3.3. A S.L. en réxime de formación sucesiva

A aplicación das normas específicas do art. 4bis LSC non provoca diferenzas relevantes respecto dunha S.L. constituída de forma ordinaria. A única peculiaridade é obvia: se a sociedade fose liquidada mentres está sometida a este réxime e o patrimonio fose insuficiente, o apartado 2º obriga aos socios e administradores a responder de forma solidaria do desembolso do que faltase até a cifra de 3.000€ por ser este o mínimo legal. Unha vez achegada as cantidades até este límite, a aplicación da técnica do levantamento do veo esixe os mesmos requisitos e cauces que as restantes Sociedades de Capital⁷¹.

⁶⁹ Autores como Felipe Díaz Capmany ou Jesús Lobato de Blas foron os pioneiros desta postura que comezou a esbozarse nos anos 90.

⁷⁰ HURTADO COBLES, J., *La doctrina del levantamiento del velo societario en España e Hispanoamérica*, cit. páx. 44.

⁷¹ A solución ofrecida apenas dista da que se ofrece para o caso de que haxa desembolsos pendentes nunha S.A.

3.4. A redución do capital social e os efectos do art. 331 LSC. Outro exemplo claro de normativación

O precepto, que supón unha especialidade da S.L., sanciona responsabilizando a aqueles socios a quen se restituíse o valor das súas achegas respecto das débedas contraídas antes de que a redución fose opoñible a terceiros. A devandita responsabilidade será solidaria entre eles e coa sociedade e estará limitada polo importe do recibido na restitución, ademais de estar sometida a un prazo de prescrición de cinco anos. Sen embargo, Ávila Navarro entende que dito prazo é de caducidade, polo que non é susceptible de interrupción⁷².

Unha previsión deste tipo tamén excepciona en certo modo a irresponsabilidade dos socios polas débedas sociais pero cómpre delimitar o seu ámbito de aplicación. É requisito *sine qua non* para aplicar esta norma de tutela dos acredores a redución da cifra de capital social para a devolución do valor das achegas. A *ratio* é evitar prácticas fraudulentas que a través de devolucions aos socios provoquen a insuficiencia da cifra de capital social para satisfacer aos acredores, quen no momento de contrataren coa S.L. a estimaban superior. Non é un suposto de levantamento do veo, pero coincide coa técnica en sancionar actuacións contrarias á boa fe ou en fraude de lei. Difere en que está suxeita a un prazo e na súa limitación ao valor da devolución.

Ante o caso de que a sociedade non puidese afrontar as débedas asumidas con anterioridade á redución por mor desta, en primeiro lugar procedería esixir a responsabilidade solidaria dos socios recollida no art. 331 por mor do carácter excepcional da aplicación do levantamento do veo. Esta postura, de que Hurtado Cobles⁷³ fai eco, ademais da máis axeitada aos caracteres da figura, é consecuente co rexeitamento do abuso da técnica de que acusa ao Tribunal Supremo⁷⁴.

O momento de aplicación da técnica postégarse á obtención de os resultados infrutuosos tras tentar satisfacer aos acredores a través desta responsabilidade (sexo porque o prazo prescribuiu/caducou ou porque aínda así a cantidade obtida non é suficiente).

⁷² ÁVILA NAVARRO, P., *La Sociedad Limitada (Tomo II)*, cit., páx. 684.

⁷³ HURTADO COBLES, J., *La doctrina del levantamiento del velo societario en España e Hispanoamérica*, cit., páx. 36.

⁷⁴ HURTADO COBLES, J., *La doctrina del levantamiento del velo societario en España e Hispanoamérica*, cit., páx. 300.

3.5. O concurso culpable e a responsabilidade da S.L. encargada da administración doutra sociedade. Un suposto imposible se a entidade a que se encomenda a administración fose unha S.L.N.E.

3.5.1. Unha aproximación á extensión subxectiva dos efectos da calificación culpable do concurso en sociedades administradas por unha persoa xurídica (S.L.)

O ordenamento xurídico español admite que unha persoa xurídica sexa a encargada da administración doutra sociedade (expresamente no art. 212 Lei de Sociedades de Capital e desenvolta no *bis*)⁷⁵. Polo tanto, tómese como punto de partida que ante unha sociedade de capital, xeralmente, é lícito que a levanza da administración sexa encomendada a unha persoa moral. Esta previsión xeral engade a maiores a necesidade de que a persoa xurídica designe unha única persoa física para que realice o exercicio das funcións. Este fenómeno non é, nin moito menos, infrecuente, como sinala Hernández Sainz⁷⁶. A autora ofrece dous tipos de supostos en que tende a designarse como administrador da sociedade a outra persoa xurídica: as grandes sociedades que cotizan en Bolsa e forman parte do IBEX-35 e, entre as sociedades de menor tamaño, aquelas que forman un conglomerado.

A modo de exemplo, cabe traer a colación o caso presentado pola mesma autora e resolto pola Resolución da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado⁷⁷. Nel, aínda que o discutido sexan cuestións formais, preséntase a inscrición unha escritura de constitución dunha S.L. fundada á súa vez por outras tres S.L. e cuxo Consello de Administración está formado por cinco sociedades (unha delas, co-fundadora e outra administradora ao mesmo tempo dunha das S.L. socias). O Rexistrador Mercantil suspende a inscrición por falta das certificacións en que as S.L. aceptan o cargo de administradoras e nomean unha persoa física para o desempeño efectivo das funcións. Este enfoque permite observar a licitude *a priori* de complexos entramados sociais, por máis que poidan resultar sospeitosos. Así o sinala a Directora Xeral dos Rexistros e o Notariado na resolución: “non pode rexeitarse a designación- contida na propia escritura calificada- da persoa física que realiza, mediante un

⁷⁵ Cómpre non perder de vista que esa posibilidade, recoñecida con carácter xeral, é exceptuada para as Sociedades Limitadas Nova Empresa, de acordo cunha interpretación sistemática dos arts. 444 e 448 LSC.

⁷⁶ SAINZ HERNÁNDEZ, E., “La extensión subjetiva de los efectos de la calificación culpable del concurso de sociedades administradas por una persona jurídica” en GARCÍA-CRUCES, J. A. (director), *Insolvencia y responsabilidad*, Thomson Reuters, Editorial Aranzadi, S.A., Pamplona, 2012, páxs. 331 e ss. (339).

⁷⁷ RDXRN de 22 de setembro de 2010 (publicada no BOE núm. 276 de 15 de novembro de 2010, páx. 95398).

apoderado, a propia sociedade nomeada administradora para que exerza as funcións propias do cargo”. A continuación sobre a designación da persoa física representante doutra sociedade, expón que na escritura calificada non hai expresión algunha o título representativo hábil para realizala en nome da S.L., polo que por este defecto formal confirma a negativa do Rexistrador Mercantil das Palmas.

Sen embargo, a posibilidade de que unha sociedade sexa administradora doutra persoa xurídica está excluída para a SLNU por mor da lectura conxunta dos arts. 444 e 448 LSC. Por unha banda, o primeiro precepto exclúe da condición de socio ás persoas xurídicas, e pola outra, o artigo 448 LSC esixe, para poder ser administrador dunha SLNE, ser socio da mesma. A conclusión é obvia: só poden administrar este tipo social quen ostente a condición de socio, á sazón, persoa natural.

Sen perxuízo das anteriores consideracións, a figura do administrador persoa xurídica presenta o risco de que se abuse desta opción ofrecida pola LSC, creando un ente interposto para diluír a responsabilidade en que poida incurrir a persoa física que efectivamente administre a sociedade. Pese a insuficiente regulación da Lei 22/2003, de 9 de xuño, Concursal⁷⁸, a solución proposta e aplicada polos tribunais españois co gallo de evitar fraudes, evita aplicar a doutrina do levantamento do veo.

Unha vez introducida a existencia do problema que pode supoñer a atribución da administración a outra persoa xurídica, procede tratar neste lugar a solución que se ofrece para as S.L., para xustapoñer este problema específico. O contexto en que se produce a singularidade é a calificación culpable do concurso, cando se pretende extender os efectos desta ao administrador persoa xurídica (neste caso, S.L.).

3.5.2. Análise da normativa concursal. O concurso culpable e a responsabilidade da S.L. encargada da administración doutra sociedade

Unha vez sinalada a admisibilidade da S.L. encargada da administración doutra sociedade, cómpre profundizar nas posibles desviacións que se poidan levar a cabo abusando desta opción que ofrece o ordenamento. O punto de partida é o concurso da segunda sociedade e a calificación do concurso como culpable⁷⁹. Procede sinalar a quen, en calidade

⁷⁸ BOE núm. 164, de 10/07/2003.

⁷⁹ Ao abeiro do artigo 164.1 da Lei Concursal: “O concurso calificarase como culpable cando na xeración ou agravación do estado de insolvencia mediase dó ou culpa grave do debedor ou, se os tivese, dos seus representantes legais e, no caso de persoa xurídica, dos seus administradores ou liquidadores, de feito e de

de que e con que título se atribúen as responsabilidades pola incorrecta levanza da sociedade de que trae causa a insolvencia. O problema refírese a unha correcta interpretación dos apartados terceiro⁸⁰ e quinto⁸¹ do art. 236 da LSC.

O panorama xeral é o seguinte: a sociedade A é declarada en concurso tras unha deficiente administración levada a cabo pola S.L. B, que, a un tempo, tivo que designar á persoa física C para a concreta realización das tarefas. O suposto arquetípico parte de que a persoa física, que necesariamente debeu ser nomeada pola mercantil que administra outra sociedade, é administradora de feito. A xurisprudencia reserva a calificación de “administradora de feito” para aquel representante persoa física que interpón unha persoa xurídica co obxectivo de que o designe en tal calidade. É dicir, o entramado funcionaría neste caso coa lóxica inversa á prevista polo lexislador⁸² e co fin de burlar as responsabilidades derivadas da administración. En palabras de Hernández Sainz⁸³: “É o representante persoa física quen, en definitiva, exerce como administrador do concursado sen cumprir coas esixencias materiais e formais que se requiren para a designación como administrador social”. Sen embargo, a aplicación do art. 326.3 LSC permite obter o mesmo resultado que o levantamento do veo. Esta autora entende que a postura defendida non é diverxente da apreciación de fraude de lei ao abeiro do artigo 6.4 do Código Civil⁸⁴, e permite chegar a unha mesma conclusión, aínda que a aproximación ao problema sexa parcialmente diferente.

dereito, apoderados xerais, de quen tivesen calesquera destas condicións dentro dos dous anos anteriores á data de declaración do concurso, así como dos seus socios conforme o disposto no artigo 165.2”.

⁸⁰ “A responsabilidade dos administradores exténdese igualmente aos administradores de feito”.

⁸¹ “A persoa física designada para o exercicio permanente das funcións propias do cargo de administrador persoa xurídica deberá reunir os requisitos legais establecidos para os administradores, estará sometida aos mesmos deberes e responderá solidariamente coa persoa xurídica administrador”.

⁸² É dicir, cando funciona de tal modo que a persoa física crea artificialmente unha sociedade para que, unha vez designada representante da mesma, administrar goredida tras o ente interposto outra persoa xurídica. É un suposto anómalo que supón a perversión da *ratio* da norma, deseñada para operar coa lóxica de que unha sociedade que foi designada administradora doutra, a continuación, designe un representante persoa física para levar a cabo as tarefas encomendadas.

⁸³ SAINZ HERNÁNDEZ, E., “La extensión subjetiva de los efectos de la calificación culpable del concurso de sociedades administradas por una persona jurídica”, cit., páx. 356.

⁸⁴ SAINZ HERNÁNDEZ, E., “La extensión subjetiva de los efectos de la calificación culpable del concurso de sociedades administradas por una persona jurídica”, cit., páx. 357.

Se ben na práctica xudicial española poucos son os casos en que se presentou este problema, resulta de interese analízalo en tanto e en canto a solución proposta polos órganos xudiciais se basea nunha análise sistemática das disposicións da Lei Concursal que permite esquivar a aplicación da técnica xurisprudencial. Pola súa claridade ao tratar un suposto realmente complexo, merece un comentario positivo a Sentenza do Xulgado do Mercantil núm. 1 de Madrid, núm. de recurso 43/2004, de 24 de xullo de 2007⁸⁵.

O litixio céntrase, no que aquí interesa, en delimitar as circunstancias que permiten calificar aos partícipes na administración da sociedade agora concursada (Dorlast, S.L.), dunha ou doutra maneira, como “persoas afectadas pola calificación”⁸⁶. O punto de partida é que as devanditas circunstancias non son outras que a atribución da condición de administradores de feito a diversas S.L. que conforman un grupo dominado por Inveralia, S.L.

No punto sétimo dos fundamentos de dereito recóllese a distinción tripartita proposta pola Administración concursal no tocante a subgrupos de administradores de feito: persoas naturais representantes das sociedades membros do Consello de Administración, a sociedade dominante do grupo e os administradores da sociedade dominante. O primeiro subgrupo está integrado polo representante de Baupres Iberia Corporation, S.L., o representante de Inmobiliari525252a Inveralia, S.L., o representante de Larentia Investment, S.L., o representante de Carena Bussines, S.L. e o representante de Eurocerros, S.L. O segundo grupo confórmao Inveralia, S.L. No terceiro grupo, precisa a Administración concursal que só deben considerarse incluídos aqueles membros do Consello de Administración que tiveron unha “actuación directa e continuada” na xestión de Dorlast, S.L. a través de Inveralia, S.L.

Como recoñece o xulgador, determinar que un administrador de feito é persoa afectada pola calificación culpable do concurso é complexo (*vid* art. 172.2 LC que esixe especial motivación). O T.S. encargouse de puntualizar que non abonda que a persoa sexa a designada por imperativo legal por unha sociedade encargada da levanza da administración doutra mercantil, senón que é mester que actuase de “maneira autónoma e independente a

⁸⁵ Roj: SJM M 779/2007 - ECLI: ES:JMM:2007:779

⁸⁶ Para unha delimitación exhaustiva do concepto *vid* MORALEJO, I., “El ámbito subjetivo del concurso culpable: concursado, cómplices y personas “afectadas” pola calificación” en GARCÍA-CRUCES, J. A. (director), *Insolvencia y responsabilidad*, Thomson Reuters, Editorial Aranzadi, S.A., Pamplona, 2012, páxs. 331 e ss. (356).

quen a designou”⁸⁷. Aínda que a consecuencia xurídica sexa a mesma, diferenza o Tribunal este primeiro escenario de que a persoa natural designada o fose a través dunha sociedade instrumental, constituída para evitar as responsabilidades que puidesen xurdir por mor do desempeño do cargo de administradora⁸⁸. A continuación, na sentenza son analizados os procesos de nomeamento de varios administradores que conclúen con que foron designados por sociedades que foran constituídas *ad hoc* para outorgarlles a tarefa de administrar⁸⁹.

Por outra banda, a aproximación para determinar se procede calificar a Inveralia, S.L. como administradora de feito é parcialmente diferente. Esta entidade é a cabeceira do grupo de empresas de que forma parte Dorlast, S.L. e, a un tempo, socia principal desta (con anterioridade, socia única). Sinala o órgano xudicial os requisitos para poder considerar a sociedade administradora de feito, a saber: levanza da administración como unha administradora de dereito de forma continuada e con autonomía, pero sen que concurra designación válida en concepto de administradora de dereito. De acordo co criteiro da Administración concursal, acollido polo tribunal, encaixa na descrición o poder de decisión que Inveralia ostenta na Xunta de Socios. Nembargantes, complica o exame da situación a existencia de persoas físicas nomeadas validamente administradoras de dereito de Dorlast⁹⁰, a un tempo, membros do Consello de Administración de Inveralia. Nesta tesitura o xulgador entende que Inveralia non pode calificarse como administradora de feito de Dorlast.

En conclusión, o razoamento do Xulgado do Mercantil permite eludir o recurso a penetrar o substrato da entidade e obter o mesmo resultado para o caso de que a entidade, abusando da súa posición no entramado e pervertindo os mecanismos previstos na normativa mercantil coa constitución de entes interpostos, lograse intervir no desenvolvemento das actividades doutra S.L., provocando unha situación de insolvencia de que trae causa a

⁸⁷ Sentenza do Tribunal Supremo de 16 de xaneiro de 2007.

⁸⁸ “Se se pode verificar que con tales nomeamentos se perseguiu exclusivamente a elusión de responsabilidades por parte dos anteriores xestores mediante a interposición de sociedades instrumentais carentes de patrimonio, estaremos en disposición de afirmar que as persoas que ostentaron a xestión a través das sociedades interpostas deben ser consideradas administradores de feito”.

⁸⁹ Do exame dos procesos (datas e que todas as sociedades interpostas rozan a cifra de capital mínimo esixido a unha S.L.) percíbese a vontade de manter as mesmas persoas xestionando Dorlast, S.L. a un tempo que se diminúe o risco de responsabilidade pola xestión.

⁹⁰ En definitiva, a inxerencia na xestión ordinaria enténdese realizada polas persoas físicas encargadas da administración, non pola sociedade de cabeceira do grupo.

declaración de concurso culpable. De feito, na citada sentenza non se menciona nin unha soa vez a técnica de levantar o veo da personalidade.

IV.- O FRAUDE Á LEI. FRAUDE Á “LEI CONTRACTUAL”

1.- CONCEPTO DE FRAUDE Á LEI. O ART. 1.2 LSC COMO NORMA DE COBERTURA

O artigo 6.4 do Código Civil sanciona coa aplicación da norma que se tratase de eludir aqueles actos que, se ben son realizados ao abeiro dalgunha disposición legal, perseguen un resultado prohibido polo ordenamento.

O fraude á lei esixe a concorrencia de dúas disposicións, a defraudada e a de cobertura⁹¹. A delimitación da disposición de cobertura non pode referirse a outra que non sexa o art. 1.2 da Lei de Sociedades de Capital, conxuntamente co art. 116 do Código de Comercio. Pola súa parte, a delimitación da norma defraudada na práctica ofrece posibilidades do máis variado: a constitución ou uso da S.L pode empregarse para tratar de eludir calquera precepto do ordenamento que resulte “incómodo”. Aínda que é paradigmático o fraude ao art. 1911 do Código Civil, tampouco escasean na xurisprudencia casos en que se pretende eludir a aplicación dos arts. 1901 e 1958 do CC(eludir un pacto) ou do art. 1902 (en sé de responsabilidade extracontractual). Por motivos sistemáticos, a clasificación atenderá á norma defraudada.

2.- O FRAUDE AO ART. 1911 DO CÓDIGO CIVIL.

O obxectivo perseguido é evitar a responsabilización do patrimonio persoal creando unha S.L. carente de actividade que actúe como ente interposto ou pantalla. O punto de partida para abordar o fraude ao principio de responsabilidade patrimonial universal é a delimitación do mesmo. A norma non se pode entender defraudada pola mera constitución dunha sociedade a través da que realizar unha actividade empresarial sen que o patrimonio da persoa física sexa afectado polas súas resultas. O ordenamento permite crear persoas xurídicas

⁹¹ Sobre a necesidade da dualidade de normas para a existencia de fraude de lei *vid* MEZQUITA GARCÍA-GRANERO, M. D, *El fraude de ley en la jurisprudencia*, Thomson Aranzadi, Navarra, 2003, páxs. 75 e ss.

e atribúelles a condición de empresarias baixo certos requisitos, pero non acepta que o ente sexa empregado para vulnerar os dereitos de crédito de acredores. Enténdese que hai fraude cando a sociedade é un mero ente interposto carente de actividade ou cando se aprecia confusión de esferas⁹².

Carrasco Perera⁹³ entende que non existe fraude á lei sen a concorrencia de dó e da creación de confianza por parte do defraudador. Esta aproximación máis depurada permite excluír da aplicación do levantamento do veo aquelas sociedades instrumentais cuxo carácter é coñecido polos co-contratantes.

Son apreciables ambos elementos no suposto resolto pola Sentenza do Xulgado do Mercantil de San Sebastián núm. 9/2016, de 14 de xaneiro de 2016⁹⁴, que decide sobre unha solicitude de declaración de responsable solidaria, baseada na afirmación de que Inmobiliaria Kabia S.L. (condeada) é "unha mera aparencia" empregada por Dna. Inmaculada (demandada e socia e administradora única da mercantil⁹⁵). O actor afirma que a S.L. foi creada para actuar no tráfico baixo forma societaria, simulando unha actividade inexistente e coa fin de eludir as responsabilidades que como persoa física adquiriu. Na simulación de actividade no tráfico⁹⁶ cristalizan a existencia de dó por parte da demandada e a creación de confianza no demandante.

Ademais, a falta de actividade da S.L. revela o emprego da sociedade como un ente interposto para eludir as responsabilidades persoais da demandada, quen a usa co único obxecto de evitar danos no seu patrimonio derivados do exercicio da actividade inmobiliaria. Como afirma a sentenza "non cabe a alegación da separación de patrimonios da persoa xurídica por razón de ter personalidade xurídica, cando tal separación é, en realidade, unha ficción que pretende obter un fin fraudulento". O fin fraudulento neste caso é eludir o pago de débedas contractuais, en perxuízo dos acredores.

⁹² É dicir, cando a imaxe que se transmite ao contratante non permite saber se contrata cunha persoa física ou xurídica ou, directamente, é enganado.

⁹³ CARRASCO PERRERA, A., *Tratados del abuso de derecho y del fraude de ley*, Thomson Reuters, Pamplona, 2016, páxs. 397 e ss.

⁹⁴ Roj: STS 3801/2012 - ECLI: ES:TS:2012:3801

⁹⁵ O suposto é o seguinte: tras lograr a condea da Inmobiliaria Kabia S.L. e ante a imposibilidade de satisfacer a súa débeda co patrimonio social, D. Camilo solicita que o velo societario sexa levantado e que Dna. Inmaculada sexa declarada responsable solidaria.

⁹⁶ Probada en xuízo documentalmente, ademais de admitida pola socia única, Dna. Inmaculada.

A doutrina maioritaria⁹⁷ proporciona unha resposta única para os casos en que se pretena defraudar o art. 1911 do CC, sen valorar que a orixe do crédito sexa contractual ou extracontractual. Sen embargo, Carasco Perera⁹⁸ defende unha aproximación diferente se o acreedor é extracontractual, aludindo á necesidade de procurar un criterio distinto da confianza defraudada: o abuso de dereito. Seguindo os postulados deste autor, poderíase entender que a protección do crédito nado dun feito danoso extracontractual non debe basearse no fraude á lei, senón nun abuso de dereito en que concurra dó, sequera eventual.

Sen embargo, non encaixa nesta comprensión minoritaria a xa comentada Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 1375/2007, que pese a tratar un suposto de responsabilidade extracontractual, basea o levantamento do veo no fraude e non no abuso de dereito.

Tamén resolve o caso dende a perspectiva do fraude a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 101/2015, de 9 de marzo de 2015⁹⁹. O suposto preséntase no proceso de execución para o pago da condea a costas que provén dun litixio anterior entre Antena 3 TV e Compañía Europea de Ideas para el Éxito, S.L. (CEDIPE). O demandante solicita que se levante o veo social de CEDIPE e se condee solidariamente a D. Victor Manuel, administrador e socio único, posto que a sociedade é insolvente. Alega para basear a súa pretensión abuso da personalidade. O T.S. afirma que a personalidade xurídica societaria foi empregada como un “medio defraudatorio coa fin de eludir o pago da débeda a favor da actora” e engade un matiz importante ao explicar os feitos en que funda esa conclusión: é irrelevante para aplicar a doutrina do levantamento do veo que a sociedade non fose instrumental dende o momento da constitución.

O fundamento xurídico 2º admite que CEDIPE non foi constituída con fins instrumentais, pero tras o estudo das reducións de capital acordadas tras os litixios entablados

⁹⁷ BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho Privado español*, cit., páxs. 403 e ss.; DE ÁNGEL YAGÜEZ, R., *La doctrina del “levantamiento del velo” de la persona jurídica en la jurisprudencia*, cit., páxs. 487 e ss.

⁹⁸ CARRASCO PERRERA, A., *Tratados del abuso de derecho y del fraude de ley*, cit., páxs. 399 e ss.

⁹⁹ ROJ 1699/2015 – ECLI: ES:TS:2015:1699.

con Antena 3 TV conclúe que a descapitalización da S.L. ten como obxectivo eludir o pago das obrigas litixiosas¹⁰⁰, defraudando ao acreedor.

3.- O FRAUDE AO ART. 1911 EN CONCORRENCIA CON OUTRAS DISPOSICIÓNS

O fraude á responsabilidade patrimonial universal pode concurrir co doutros preceptos do ordenamento, como a elusión da normativa relativa a propiedade industrial (a xurisprudencia existente refírese á derogada Lei 11/1986, de 20 de marzo, de Patentes¹⁰¹). No caso que trata a Sentenza do Xulgado do Mercantil de Barcelona (Sección 5ª) núm. de recurso 215/2014, de 7 de xaneiro de 2.016¹⁰², ademais da solicitude de condea solidaria á empresa sucesora, tamén se inclúe no *petitum* a condea por violación de patentes efectuada pola entidade instrumental. É dicir, o ente interposto empregouse cunha dobre finalidade: descapitalizar unha sociedade condeada por vulneración da propiedade industrial, imposibilitando o cobro da indemnización, e continuar vulnerando a patente (art. 50 da Lei de Patentes) a través dunha nova S.L.U.

O litixio comeza coa demanda presentada por Hewlett-Packard Development Company LP por violación do dereito de exclusiva de dúas patentes, dirixida, entre outras empresas, a Ink Prime High Quality S.L.U. Asímesmo, solicítase que se declare que Tintas y Toner Shop Ink S.L.U. sucedeu a Ink Prime High Quality S.L.U. para que responda solidariamente pola indemnización á que a primeira sexa condeada, ademais da condea que por continuar violando os seus dereitos da propiedade industrial. A sucesión entre as empresas preséntase como feito controvertido que Tintas y Toner Shop Ink S.L.U. nega, mantendo que a súa personalidade xurídica, obxecto social e actividade son diferenzables das de Ink Prime High Quality S.L.U.

¹⁰⁰ O TS valora especialmente os seguintes datos: a sentenza que condea ao pago das costas recae en setembro de 2003. A partir desa data a actividade da sociedade decae sen recuperarse en momento algún. En maio de 2006 a cifra de capital social reduceuse de 26.990€ a 13.500€

¹⁰¹ BOE núm. 73, de 26/03/1986.

¹⁰² Roj: SJM B 24/2016 - ECLI: ES:JMB:2016:24

O Xulgado entende probado que Tintas y Toner Shop Ink é unha empresa creada coa finalidade de eludir as responsabilidades civís de Ink Prime High Quality¹⁰³, co que a declara responsable solidaria da a condea indemnizatoria imposta con anterioridade. Polo tanto, a parte dispositiva da sentenza declara a sucesión fraudulenta e aplica con rigor a doutrina do levantamento do veo.

4.- O FRAUDE A OUTRAS NORMAS.

Como foi adiantado, a normas normas que se poden tentar defraudar abusando da personalidade independente da S.L. non se cinguen a aquela que recolle o principio de responsabilidade patrimonial do debedor (art. 1911 CC). A modo de exemplo, no caso resolto pola Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 74/2016 de 18 de febreiro de 2016¹⁰⁴ abúsase da personalidade xurídica para evitar a aplicación de disposicións imperativas da Lei 26/2006, de 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados¹⁰⁵.

O litixio prodúcese no marco dun contrato de axencia entre Groupama Seguros y Reaseguros, S.A. e Uniter, S.L. A demandante (Groupama Seguros y Reaseguros) reclama unha cantidade derivada do contrato celebrado con Uniter e solicita que se condee solidariamente a este e a Aegón Unión Aseguradora, S.A. e Ingotor, S.L. (empresa que no momento de resolverse o recurso foi absorbida por Cureña, S.L.). A demandante solicita que

¹⁰³ Os feitos a que se atende son os seguintes: en primeiro lugar, a constitución de Tintas y Toner Shop Ink S.L.U. prodúcese aos poucos meses do requirimento de pago a Ink Prime High Quality. En segundo lugar, o emprego dunha marca da primeira, empregada nas envalaxes dos produtos. En terceiro lugar, a coincidencia no mesmo edificio dos domicilios sociais e as sés efectivas, que constan nun único rótulo coa marca anteriormente aludida. Ademais, a imposibilidade de distinguir a actividade de ambas empresas e que no tráfico se presentan como un único negocio. En quinto lugar, a comercialización por Tintas y Toner Shop Ink S.L.U. dos mesmos produtos que antes comercializaba a súa antecesora, aos mesmos clientes, cos mesmos empregados e cos mesmos números de teléfono e fax, correo electrónico e web. Finalmente, ten relevancia que ambas sociedades están descapitalizadas e practicamente carecen de bens, o que reforza a tese de que Tintas y Toner Shop Ink. foi creada con fin instrumental defraudatorio, posto que a súa facturación foi medrando en detrimento da de Ink Prime High Quality.

¹⁰⁴ Roj: STS 507/2016 - ECLI: ES:TS:2016:507

¹⁰⁵ "A entidade aseguradora que subscriba un contrato de axencia de seguros con persona que fose debedora doutra entidade da mesma clase por razón de operacións propias de axente de seguros virá obrigada a cancelar dita débeda, sen perxuízo do seu dereito de resarcemento".

se penetre no *substratum* porque entende que Ingotor Seguros contratou formalmente con Aegón para que Uniter (quen sería a axente real da operación) puidese eludir as responsabilidades que lle acarrearía a súa contratación directa. Polo tanto, Ingotor só se presentaría como axente para conseguir burlar a aplicación do artigo 12.2 do citado texto legal. En 1ª instancia considérase que procede levantar o veo por concurrencia dos presupostos fácticos e xurídicos, pero a sentenza é revogada en apelación.

É interesante o argumentario que ofrece o TS ao resolver (e estimar) o recurso de casación interposto por Groupama Seguros y Reaseguros, S.A. Sinala que a interpretación que realizou a Audiencia foi demasiado restritiva á hora de valorar a finalidade fraudulenta que propicia a aplicación da técnica e que non coincide coa xurisprudencia actual. Tras recordar a conexión entre abuso de dereito e o fraude de lei, lembra tamén que ambas figuras son encadrables no exercicio extralimitado dun dereito. Polo tanto, para primar a boa fe que debe dirixir as relacións mercantís, pode ser necesario actuar se a personalidade xurídica independente foi utilizada instrumentalmente con fin defraudatorio (por exemplo, para perxudicar a quen pretende o cobro dunha débeda). É respecto do concepto de “ánimo defraudatorio” onde o TS corrixe á Audiencia.

A entender da autora, quizais a redacción da STS sexa enganosa ao aludir indistintamente a abuso de dereito e a fraude de lei, pero finalmente o Tribunal motiva o levantamento do veo no fraude á lei.

5.- O FRAUDE Á “LEI CONTRACTUAL”

Como sinala Mezquita García-Granero¹⁰⁶, o T.S. non exclúe do fraude de lei os supostos en que a norma defraudada pertenza ao “ordenamento contractual”. A negativa a considerar un pacto como norma defraudada é exceptuada nos supostos de levantamento do veo. Así, é posible apreciar fraude á lei cando a S.L. é empregada para evitar o cumprimento das obrigas derivadas dun contrato.

A Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª), núm. 243/2009, de 3 de abril de 2009¹⁰⁷ resolve un caso en que a existencia de fraude á lei contractual é obvia. Automáticos Orenes, S.L., demanda a Mercantil Arenal, S.L. e a Mercantil Music Hall, S.L.

¹⁰⁶ MEZQUITA GARCÍA-GRANERO, M. D, *El fraude de ley en la jurisprudencia*, cit., páxs. 93 e ss.

¹⁰⁷ Roj: STS 1839/2009 - ECLI: ES:TS:2009:1839.

por incumprimento dun pacto de non concurrencia incluído nun contrato de compravenda¹⁰⁸ e solicita a condea solidaria de ambas. A empresa Mercantil Music Hall, S.L. (que ten o mesmo obxecto social, domicilio e Administración que a vendedora¹⁰⁹) é empregada para evitar que a compradora poida explotar as máquinas, violando o pacto de non concurrencia e frustrando o cumprimento do contrato. O TS aprecia un emprego instrumental da forma societaria cunha finalidade “desviada e fraudulenta”, polo tanto, levanta o veo da personalidade separada entre ambas S.L. e condéas de forma solidaria a aboaren a indemnización.

6.- O ART. 1.2. LSC COMO NORMA DE COBERTURA NO SEO DUN GRUPO DE EMPRESAS

O obxecto deste epígrafe é o estudo daqueles casos en que a existencia do grupo de empresas se aproveita para defraudar aos acredores, empregando como norma de cobertura o art. 1.2. LSC. Quen defrauda presenta un dobre obxectivo: por unha parte, xerar *extra muros* do grupo de sociedades unha imaxe de solvencia polo coñecemento dos activos das diversas empresas pertencentes ao grupo, de forma que se promova a contratación. Por outra banda, tamén interesa (e adoitan concurrir ambas finalidades) efectuar desprazamentos patrimoniais dentro do grupo cara as sociedades cuxa cifra de capital é menor (por definición, as S.L.) e alegar a personalidade separada destas, frustrando nun futuro os dereitos de cobro dos acredores.

Debe establecerse como punto de partida que se ben o grupo de sociedades é diferente das sociedades individualmente consideradas como estrutura empresarial, non é un novo ente que xorda a carón das persoas xurídicas que o integran. Tampouco é a suma ou fusión dos intereses destas.

O punto de partida é que, a priori nunha organización interna lícita pode priorizarse a obtención de resultados positivos (maximización dos mesmos) da empresa X fronte a empresa Y. É dicir, na práctica pode acontecer que a explotación economicamente máis rendible do

¹⁰⁸ Recreativos Arenal, S.L. vende unha partida de máquinas recreativas a Automáticos Orenes, S.L. e comprométese a non concorrir con ela nos establecementos en que se instalen, fixando unha indemnización para esa eventualidade.

¹⁰⁹ O TS afirma no fundamento xurídico 1º non nega a separación de patrimonios entre ambas mercantís, senón que basea a súa conclusión nunha “especial relación” e en que se complementan.

grupo se produza en detrimento dalgũa das sociedades que o conforman¹¹⁰. É posible que desta organización xurdan controversias se os acredores dunha empresa se consideran perxudicados porque o resultado acadado sexa materialmente inxusto. O quid está en harmonizar a protección dos acredores coa liberdade para organizar internamente o grupo. Pártese da base de que o co-contratante do grupo, aínda que contrate coa empresa dominada, faino coa presenza do interese do grupo.

Esta postura pode pór en perigo a independencia de cada empresa dentro do conglomerado, mais o efecto propio e perseguido pola doutrina do levantamento do veo é a extensión da responsabilidade en supostos de fraude. Como afirma Boldó Roda¹¹¹: “Non se trata de que os grupos de sociedades sexan un suposto de levantamento do veo”. A existencia dun grupo de sociedades non ten aparelada como consecuencia automática o levantamento do veo, como correctamente aprecia a Sentenza da Audiencia Provincial de Barcelona (Sección 7ª), núm. 204/2015 de 14 de setembro de 2015¹¹²: “Para aplicar a doutrina do levantamento do veo é necesario que o suposto poida ser calificado como de fraude de lei”.

O suposto arquetípico sería o seguinte: A SL, B SL e C SL forman un grupo de empresas, cada unha delas adicada a unha fase de produción nun mesmo sector. A empresa auxiliar C contrata no exercicio da actividade que lle é propia con provedores e subministradores. Cando C non afronta o pago das súas débedas, sonlle reclamadas xudicialmente e é condeada. Á hora de executar a sentenza o patrimonio de C é insuficiente para afrontar as débedas contraídas, posto que mediante varias operacións de trasvase de fondos e activos está practicamente descapitalizada, aínda que respecte os mínimos legais. Os acredores de C solicitan que se levante o veo societario e se fagan responsables tamén a A e B para así poder ser satisfeitos. A insolvencia provocada intencionadamente a C para eludir o pago aos acredores encaixa na acción fraudulenta requirida para deixar de considerar que as empresas formantes do grupo teñen personalidades diferentes.

Este *modus operandi* non difire en realidade dun trasvase de fondos propios da empresa a calquera testafarro, ou da constitución dunha S.L. para crear artificialmente un patrimonio separado afecto ás responsabilidades derivadas do exercicio da actividade profesional, quedando os restantes bens libres dela.

¹¹⁰ A afirmación é unha simple premisa que será exceptuada coas salvedades que se expoñan seguidamente.

¹¹¹ BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho privado español*, cit., páx. 349.

¹¹² Roj: SAP B 8286/2015 - ECLI: ES:APB:2015:8286

6.1.- Unha primeira achega á problemática: as garantías intragrupo e a condición de terceiro dentro do grupo

As garantías intragrupo son a controversia que resolve a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala 1ª) núm 100/2014 de 30 de abril de 2014¹¹³ no seu fundamento xurídico 6º, a un tempo que perfila outros aspectos importantes para a aplicación da doutrina do levantamento do veo. En primeiro lugar, afirma a independencia da personalidade de cada sociedade integrada no grupo e, parella a esta, a independencia do seu patrimonio: “cada sociedade é exclusiva titular do seu propio patrimonio, que responde das súas obrigas”. En segundo lugar, nega a existencia dun patrimonio do grupo. No caso obxecto de controversia, afirma que a hipoteca realizada sobre unha nave industrial pertencente a unha empresa A (sen mediar contraprestación algunha), integrada no mesmo grupo que a empresa B, debedora do crédito, é un acto rescindible porque causa un perxuízo aos acredores da empresa. Neste caso non prosperan as alegacións de que a constitución da hipoteca favorece ao grupo, non se prioriza o “interese do grupo”.

Por outra banda, a calificación de terceiro ou non, respecto das sociedades dun mesmo grupo e os negocios realizados por outras diferentes pode ter efectos substantivos. Así se pon de manifesto no caso de autos resolto pola sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 429/2014, de 17 de xullo de 2014¹¹⁴. Neste litixio, a postura que entende que son terceiros alleos á relación permite calificar o pago dunha empresa do grupo ao debedor doutra como pago por terceiro. *A contrario sensu*, unha das partes defende que se produce compensación porque hai identidade subxectiva entre acredor e debedor. Polo tanto, o *quid* do litixio é se se admite a personalidade independente das sociedades que pertencen ao grupo ou se é obviada entendendo que concorre confusión de esferas. Para isto, é vital determinar cal foi a verdadeira causa pola que se entregaron as cantidades que nese momento son reclamadas (en definitiva, se houbo pago por terceiro ou compensación).

A Audiencia entende que non se pode compensar porque as partes litigantes non son acreedoras principais entre elas e no desenvolvemente deste argumentario é onde cobra importancia a posibilidade de penetrar no *substratum* dun grupo de sociedades. Se, tal e como

¹¹³ Roj: STS 1954/2014 - ECLI: ES:TS:2014:195

¹¹⁴ Roj: STS 3166/2014 - ECLI: ES:TS:2014:3166

entende a Audiencia, Kyesa é a obriga principal, e os créditos que lle son opoñidos en compensación son titularidade de Nyesa Gestión e Nyesa Servicios Generales, non hai identidade entre as partes aínda que todas as empresas pertencen a un mesmo grupo. O *quid* é que cada sociedade ten personalidade xurídica propia e conta cun patrimonio separado con que negocia e desenvolve a súa actividade. Valora o Tribunal que no caso non hai unha aproveitamento por parte da sociedade dominante das personalidades xurídicas das mercantís dominadas; senón que hai separación entre as esferas, dereitos e responsabilidades de cada sociedade.

A continuación, a Audiencia engade un aspecto de interese para o caso de que efectivamente houbera confusión de personalidades. Sinala que esta confusión “podería ser invocada, a efectos de que non se recoñeza a diferenciación de personalidades xurídicas e de patrimonios, polo terceiro de boa para evitar o fraude do seu dereito, pero non pode ser invocada por quen creou tal confusión”.

O TS resolve o recurso de casación reafirmando a personalidade independente das sociedades que integran un grupo e negando a existencia dunha personalidade nova nada pola situación de concentración. Consecuencia disto é que a existencia do grupo non permite a compensación dos créditos como se existise un única personalidade xurídica e un único patrimonio, posto que a existencia do grupo non provoca a creación dun novo ente. Recordando o Tribunal que a única excepción á incomunicabilidade das responsabilidades son os supostos de levantamento do veo societario e faise eco do pronunciamento da Audiencia afirmando que “non poden ser as propias persoas xurídicas integradas no grupo quen, nun momento determinado poidan ‘levantaren o veo’”. As mercantís que integran o grupo non poden pretender actuar como unha soa persoa xurídica no tráfico, posto que o grupo aglutina varias persoas xurídicas, pero non despraza a independencia de cada unha dentro do consorcio. En palabras do TS, “cada sociedade é un centro de imputación individualizado de relación xurídicas”¹¹⁵. Será só nos tribunais, cando o perxudicado pola existencia dun grupo que actúa de forma abusiva o poña de manifesto e o solicite cando se desprace a personalidade de cada mercantil.

¹¹⁵ Sentenza do Tribunal Supremo núm 212/2013, de 5 de abril de 2013: “non son os propios socios quen poden optaren por empregar a personalidade ou descoñecela ao seu arbitrio”.

Como xa foi adiantado, na estrutura dun grupo de empresas é habitual que xurdan dous subtipos de sociedades, as dominadas e as dominantes. O levantamento do veo procura, fundamentalmente, a protección dos intereses de quen contratou coa sociedade dominada¹¹⁶, como no caso examinado, que impide que as empresas do grupo aleguen compensacións que poidan defraudar aos acredores.

6.2.- A S.L. e o grupo familiar. Unha S.L. que domina un grupo formado unicamente por sociedades deste tipo

A existencia dun grupo familiar provoca especial suspicacia respecto da existencia de confusión de esferas, por iso os casos en que concorra esta circunstancia son tratados incluso con máis detemento polos xulgadores, como acontece no litixio que trata a Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 4177/2016, de 29 de setembro de 2016¹¹⁷. A solicitude da actora é a aplicación da técnica do levantamento do veo baseándose na existencia dun grupo de empresas que abusou da forma xurídica societaria. Consecuentemente, solicita tamén a condeza solidaria das demandadas. En 1ª instancia a súa postura prospera parcialmente¹¹⁸: as demandadas son condeadas pero non se declaran responsables solidarias das débedas, posto que o Tribunal non aprecia unha acción concertada con obxecto defraudatorio.

Pescados Ciriza Lamigueiro S.L. interpón recurso de apelación, que ao estimarse, provoca a revogación da sentenza recurrida. A AP entende que procede a condeza solidaria ao grupo porque as empresas a el pertencentes entregaron pagarés ao acreedor para liquidar a débeda reclamada, substituíndo con estes outros pagarés que foran impagados con anterioridade. A existencia destes efectos apreciárase de forma diferente polo Tribunal de Primeira Instancia, Este sinalou que os pagos por conta das outras empresas (efectuados polas non compradoras) foron posteriores ao contrato de subministro e, polo tanto, non apreciou ánimo defraudatorio nestas operacións.

Á súa vez, Pescados La Perla, S.L., interpón recurso de casación contra a sentenza da Audiencia baseado na infracción da doutrina do levantamento do veo. Como sinala o TS no

¹¹⁶ Na actualidade está superada a postura xurisprudencial que tivo forte acollida no Dereito anglosaxón e que, arredor de reclamacións motivadas pola construción do ferrocarril e ao abeiro da teoría do *alter ego*, negaba a personalidade xurídica da empresa dominada.

¹¹⁷ Roj: STS 4177/2016 - ECLI: ES:TS:2016:4177

¹¹⁸ Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia número 2 de Teruel núm. 99/2013, de 22 de xaneiro de 2014.

fundamento de dereito 1º, a cuestión de fondo do caso é se se levanta o veo a varias sociedades que pertencen a un grupo familiar adicado ao comercio de produtos alimenticios. Cómpre ter en conta que a empresa dominante do grupo é La Perla Proyecta, S.L., aínda que as tres sociedades comparten *web* e datos de contacto. Ademais, na documentación das mercantís faise referencia a que integran o Grupo La Perla e é un feito probado que a demandante coñece estes datos.

A recurrente entende que a Audiencia Provincial non respectou os criterios de aplicación da técnica porque no suposto non existe un único patrimonio e as empresas que integran o grupo non son “tapadeiras” sen actividade, constituídas con finalidade defraudatoria. Engade que esta interpretación ampla da figura contradiría a totalidade da xurisprudencia¹¹⁹, que sinala a súa aplicación restritiva e excepcional.

O TS, sen perder de vista estas directrices, non aprecia abuso da personalidade xurídica no caso, aínda que as sociedades integrantes do grupo teñan o mesmo obxecto social, socios, domicilio ou *web*. Os seguintes feitos son determinantes para entender que non hai instrumentalización das sociedades dominadas: inexistencia de confusión de patrimonios, correcta capitalización, constitución das sociedades dominadas con anterioridade á existencia do crédito reclamado. Finalmente, como sinala o TS, o coñecemento por parte do acreedor da estrutura do grupo impide entender que houbera fraude (*consilium*): Pescados Cirila Lamigueiro, S.L negociou coas empresas e aceptou contratar con elas sabendo como se organizaban.

6.3.- Sucesión empresarial, grupo de empresas e a S.L. como ente interposto. Un caso en que a Audiencia delimita o abuso fraudulento vs. a liberdade de organización empresarial

O caso resolto pola Sentenza da Audiencia Provincial de Barcelona (Sección 7ª), núm. 204/2015 de 14 de setembro de 2015¹²⁰ é, sen dúbida, complexo pero o Tribunal abórdalo de forma sistemática e clara. A sentenza apelada condea a Projecte Urbs S.L. e a Proyectos e

¹¹⁹ Entre outras, a recente Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 101/2015, de 9 de marzo de 2015. “As notas de excepcionalidade e aplicación restritiva (...) refírense, máis ben, á necesaria aplicación prudente e moderada que debe acompañar a esta figura”.

¹²⁰ Roj: SAP B 8286/2015 - ECLI: ES:APB:2015:8286

Instalaciones Urbs S.L. a pagaren unha cantidade solidariamente á actora, absolvendo a Instalaciones y Proyectos Sintegra S.L., a Silvio e a Pedro Xesús da reclamación contra eles dirixida.

Na demanda, xunto cunha acción de reclamación de cantidade, exercíase o que o actor denomina "acción" de levantamento do veo contra Projecte Urbs S.L., Instalaciones y Proyectos Sintegra S.L. e D. Silvio. A sentenza apelada aplica a técnica de levantamento do veo respecto da sociedade, polo tanto, condeando ao pago solidario.

O recurso interposto por Iber Congres ETT S.A. pretende que extenda o levantamento do veo de Instalaciones y Proyectos Sintegra S.L. a D. Silvio. Así, acéptanse os pronunciamentos da sentenza do Xulgado do Mercantil en que se afirma a "total xerarquización e dependencia" das sociedades que integran o grupo á empresa matriz (Projecte Urbs SL). Esta dependencia vai unida á figura do administrador de todas as empresas pertencen ao grupo, o co-demandado D. Silvio. Sen embargo, á vista do material probatorio, non procede levantar o veo por falta dun requisito esencial: o abuso de personalidade xurídica por parte de Silvio. A Audiencia Provincial mantén, respecto de D. Silvio, que non está probado que abusase da personalidade xurídica producindo fraude de lei algún, senón que a súa actuación se encadra dentro da liberdade de organización empresarial.

No tocante a Instalaciones y Proyectos Sintegra S.L., a parte actora defende que houbo unha sucesión na actividade respecto de Projecte Urbs S.L. e Proyectos e Instalaciones Urbs S.L. Instalaciones y Proyectos Sintegra S.L. é unha sociedade creada e administrada unicamente por D. Silvio, pero cuxas partipacións foron adquiridas na totalidade por Dña. Dolores, esposa deste, no ano 2.001. Defende que houbo sucesión na actividade cos seguintes argumentos: idénticas palabras da denominación social, coincidencia no obxecto social, trasvase de persoal.

A sentenza do Xulgado do Mercantil entendeu que non procedía aplicar a técnica de levantamento do veo posto que non se probara unha situación de fraude. O seu argumentario baseouse en tres eixos. En primeiro lugar, non apreciou solución de continuidade entre a data de cese de actividade dunha empresa e a posta en marcha doutra. En segundo lugar, como as sociedades non teñen os mesmos membros, entendeu que non hai identidade nos patrimonios, nin entre as mercantís nin entre unha delas e o patrimonio dunha persoa física. Decae a posibilidade de que haxa control de Sintegra polo feito constatado de que D. Silvio abandonou o grupo de empresas por diverxencias cos restantes socios. En terceiro lugar, presta atención a que o control e a xestión das sociedades era realizado por persoas diferentes.

En conclusión, das probas achegadas non pode deducirse que houbera sucesión empresarial, posto que non quedou probado que houbera transpase de proxectos nin identidade no domicilio social. Ademais, da documentación das xuntas xerais das sociedades do Grupo Urbs despréndese que Sintegra era considerada competidora. En consecuencia, o tribunal *ad quem* tampouco levanta o veo porque non se proban nin a acción fraudulenta, nin sequera, unha confusión entre sociedades.

7.- O USO DA S.L. PARA DEFRAUDAR A NORMATIVA CONCURSAL

A Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 276/2015, de 28 de maio de 2015¹²¹ presenta un caso curioso por unha dobre razón: polo complexo entramado social de que se ocupa e porque o TS finalmente non aplica o levantamento do veo por motivos procesuais. A continuación expóranse sucintamente os feitos como posible exemplo de abuso da personalidade xurídica diferenciada co gallo da confección da lista de acredores no seo dun concurso¹²².

O litixio comeza ante o Xulgado do Mercantil número 2 das Palmas de Gran Canaria cando Congelados Roper, S.L. demanda a Servifonía Plus, S.L, á súa administración concursal e The Royal Bank of Scotland PLC. A pretensión da actora (que foi desestimada) era modificar a lista de acredores elaborada pola administración concursal de Congelados Roper, S.L., de tal forma que dous créditos (un con privilexio especial e outro ordinario), fosen calificados como subordinados.

A postura de Roper fundaméntase en que os créditos impugnados merecen a calificación de subordinados porque o acredor (Royal Bank of Scotland) é unha persoa especialmente relacionada co concurso, de acordo cos datos recollidos no informe provisional

¹²¹ Roj: STS 2973/2015 - ECLI: ES:TS:2015:2973

¹²² Se ben o TS non levanta o veo, xustifícao en que a petición foi introducida na segunda instancia, do mesmo modo que fixera a Audiencia. O TS insiste en que a demanda de Congelados Roper, S.L. fundamenta a impugnación da calificación dos créditos no artigo 93.2.2º da Lei Concursal, aínda que aluda a sociedades independentes e vencelladas. Non é até a 2ª instancia cando se solicita que se levante o veo da personalidade, cuxo fundamento entende que debe atoparse no artigo 93.2.3º do mesmo texto legal. O TS entende que o obxecto do debate quedou delimitado pola demanda e a contestación, e como argumento *a fortiori* recorda a prohibición da *mutatio libelli*. Aínda que a aplicabilidade do levantamento do veo quede sen solventar, a autora entende o entramado descrito merece cando menos unha reflexión por “sospeitoso”.

da administración concursal. Así, a empresa Drago Mediterranean Holdings é unha matriz de Servifonía Plus, S.L. e, a un tempo, o Drago Real Estate posúe o 99% do seu capital. Pola súa parte, Drago Real Estate é unha entidade cuxo 17,43 % do seu capital posúe Royal Bank of Scotland. En conclusión, a participación maioritaria de Drago Real Estate en Drago Mediterranean Holding provoca que exista unha conexión indirecta con Servifonía Plus, S.L., tendo en conta a participación significativa que Royal Bank of Scotland ten en Drago Real Estate.

A única sentenza que sopesa a aplicación do levantamento do veo é a de Primeira Instancia, en cuxa fundamentación xurídica se dispón que: “a impugnación suxire a existencia de grupo societario e a administración de feito por parte de Royal Bank of Scotland inquirindo a aplicación da teoría do levantamento do veo para evidencia esa especial vinculación de ambas sociedades”. Continúa sinalando que para aplicar a devandita técnica sería necesario probar a inxerencia do socio maioritario na empresa participada e que no caso concreto, o Royal Bank of Scotland é un mero acreedor de Servifonía Plus, co que desestima a demanda.

V.- CONCLUSIÓNS

1. EVOLUCIÓN DA DOUTRINA DO LEVANTAMENTO DO VEO FUNDADA NO FRAUDE DE LEI: O ART. 1.2 LSC COMO NORMA DE COBERTURA. APUNTAMENTOS SOBRE O CAMBIO DO CONCEPTO DE ÁNIMO DEFRAUDATORIO

Coa entrada en vigor da LSC, a personalidade xurídica independente da S.L. e a irresponsabilidade dos socios polas débedas socias veñen recollidas no artigo 1.2 deste texto legal, que debe ser interpretado de forma sistemática xunto do art. 116 do Código de Comercio. Con anterioridade e até o 1 de xaneiro de 2010, a norma de cobertura era o art. 1 da Lei de Sociedades de Responsabilidade Limitada.

As novidades non veñen por unha diferente dicción dos preceptos, posto que se mantivo idéntica, senón pola interpretación que do *animus defraudationis* ofrece a última xurisprudencia, avogando por unha noción obxectiva do mesmo. As solicitudes de levantamento do veo dunha S.L. tamén se tiveron que adaptar a esta nova configuración, que flexibiliza a súa aplicación.

Deixando de lado as posturas que defenden que a S.A. é o tipo configurado polo lexislador para dar cobertura a sociedades de maior tamaño, mentres que a S.L. se reserva a PEMES, é innegable que a diferenza na cifra mínima de capital social pode ser aproveitada con ánimo defraudatorio. A maniobra para defraudar os acredores pode ser do máis variada: cambio de tipo social, confusión de esferas, escisión da S.A. en varias S.L., descapitalización e movementos de activos en favor da S.L., ou mesmo pode producirse no seo dun grupo de empresas.

2. SOBRE A NECESIDADE DE COMPILAR OS REQUISITOS COMÚNS A TODO TIPO SOCIAL E AS ESPECIALIDADES DAS S.L. PARA O ESCLARECEMENTO DA APLICACIÓN DA TÉCNICA

A sistematización e clarificación dos presupostos de aplicación do levantamento do veo, en especial o fraude de lei, revélanse como solución óptima para evitar erros. Isto presenta especial importancia nun sistema español, en que para avaliar se procede ignorar a personalidade independente só se pode recurrir á xurisprudencia. Desafortunadamente, como foi comprobado, os pronunciamentos dos xulgadores á hora de avaliar os requisitos non se caracterizan por unha configuración coidadosa e precisa. Non é só que o TS non sente doutrina sobre as particularidades que cada tipo social provoca na súa aplicación, senón que a formulación dos requisitos xerais é deficitaria e confusa.

Como primeiro paso antes do reto de pór negro sobre branco as especialidades das S.L., debe depurarse a configuración dos requisitos comúns a todos os tipos sociais. De todos modos, atendendo ao panorama actual e *rebus sic stantibus* non semella que o T.S. vaia abordar estas tarefas nun lapso de tempo breve.

3. A NECESIDADE DE ALTERNATIVAS AO LEVANTAMENTO DO VEO PARA SANCIONAR O ABUSO DA PERSOA XURÍDICA: A NORMATIVACIÓN DE LEGE LATA E DE LEGE FERENDA

Unha vez asumido que é pouco probable que o T.S. depure a aplicación da doutrina do levantamento do veo, cómpre buscar alternativas fóra dos tribunais para evitar o abuso da personalidade xurídica.

A solución, consistente na normativación, xa está sendo ensaiada nalgúns preceptos da LSC. En primeiro lugar, cómpre sinalar a regulación que da sociedade unipersoal ofrece a LSC nos arts. 14 e ss. Non se debe esquecer que aínda que a día de hoxe a normativa é

uniforme para S.L. e S.A., os primeiros preceptos que admitiron a sociedade unipersoal foron incluídos na LSRL.

Tamén debe pórse en relación o art. 326 LSC (sobre responsabilidade dos administradores) coa posibilidade de que sexa unha S.L. quen administre outra sociedade e coa necesidade de nomeamento dun representante persoa física. A regulación dos apartados 3º e 5º deste artigo exclúe a aplicación da técnica do levantamento do veo. Ademais, non é posible que a levanza da administración dunha SLNE se encomende a unha persoa xurídica (art. 437.1 LSC).

Finalmente, débese mencionar a diferente configuración que se ofrece no seo de reducións de capital social con devolución de achegas aos socios, ao abeiro dos arts. 331 (S.L.) e 334 (S.A.). Así, o dereito de oposición regulado no art. 334 proporciona unha protección totalmente diferente da que reciben os acredores dunha S.L. Ao establecer responsabilidade solidaria polas débedas contraídas con anterioridade á redución respecto dos socios a quen se restituían achegas, a normativa está a recoller unha excepción que evita que as expectativas dos acredores sexan defraudadas.

Como conclúe Boldó Roda¹²³ sobre a evolución do *disregard of legal entity*, o tratamento do abuso da personalidade xurídica no Reino Unido na actualidade abórdase dende a perspectiva lexislativa (especialmente, en normas de dereito societario e concursal). Quizais o lexislador español debese acoller esta opción (que, por outra parte, é a idónea para un ordenamento de Dereito Continental) e suplir a defectuosa actividade dos Xulgados e Tribunais.

Perfilar os requisitos e depurar cando procede ignorar a personalidade independente dunha sociedade (en concreto, dunha Sociedade de Responsabilidade Limitada) permitirá mitigar as tensións entre seguridade xurídica e xustiza que se manteñen latentes dende 1984.

¹²³ BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho privado español*, cit., páx. 451.

VI.- BIBLIOGRAFÍA E JURISPRUDENCIA

1.BIBLIOGRAFÍA

ARRUÑADA, B., *Formalización de empresas. Costes frente a eficacia institucional*, Editorial Aranzadi, Navarra, 2010.

ÁVILA NAVARRO, P., *La Sociedad Limitada (Tomo I)*, Editorial Bosch, Barcelona, 2008.

ÁVILA NAVARRO, P., *La Sociedad Limitada (Tomo II)*, Editorial Bosch, Barcelona, 2008.

BOLDÓ RODA, C., *Levantamiento del velo y persona jurídica en el Derecho Privado español*, Thomson Aranzadi, Navarra, 2006.

CARRASCO PERRERA, A., *Tratados del abuso de derecho y del fraude de ley*, Thomson Reuters, Pamplona, 2016.

DE ÁNGEL YAGÜEZ, R., *La doctrina del “levantamiento del velo” de la persona jurídica en la jurisprudencia*, Thomson Civitas, Navarra, 2006

EMBED IRUJO, J. M., “Crisis económica, derecho de sociedades y tipología societaria” en ABRIANI, N. e EMBED IRUJO, J. M. (directores), *Crisis económica y responsabilidad en la empresa*, Editorial Comares, Granada, 2013.

GARRIDO DE PALMA, V. M., *La Ley 3/2009 de las modificaciones estructurales de las sociedades mercantiles*, Civitas, Pamplona, 2009.

HURTADO COBLES, J., *La doctrina del levantamiento del velo societario en España e Hispanoamérica*, Atelier, Barcelona, 2008.

MEZQUITA GARCÍA-GRANERO, M. D, *El fraude de ley en la jurisprudencia*, Thomson Aranzadi, Navarra, 2003.

MORALEJO, I., “El ámbito subjetivo del concurso culpable: concursado, cómplices y personas “afectadas” pola calificación” en GARCÍA-CRUCES, J. A. (director), *Insolvencia y responsabilidad*, Thomson Reuters, Editorial Aranzadi, S.A., Pamplona, 2012.

PÉREZ BERNABEU, B., “Levantamiento del velo y responsabilidad tributaria”, *Revista de información fiscal*, núm. 110, 2012, páxs. 33-72.

SAINZ HERNÁNDEZ, E., “La extensión subjetiva de los efectos de la calificación culpable del concurso de sociedades administradas por una persona jurídica” en GARCÍA-CRUCES, J. A. (director), *Insolvencia y responsabilidad*, Thomson Reuters, Editorial Aranzadi, S.A., Pamplona, 2012.

2.RECURSOS WEB

<https://poseidon01.ssrn.com/delivery.php?ID=826070013069091117093011015003123026118004050083020091078111091112125068089115084102096048123000045063041004065108097031083031019076007034050102010113071071006074022033077124104008065086097023006101068067118087070008110030000125115000022067015122006&EXT=pdf>

(consultado por última vez o 11/07/2017).

[http://www.bailii.org/cgi-](http://www.bailii.org/cgi-bin/format.cgi?doc=/uk/cases/UKHL/1916/53SLR0845.html&query=(continental)+AND+(tyre)+AND+(1915))

[bin/format.cgi?doc=/uk/cases/UKHL/1916/53SLR0845.html&query=\(continental\)+AND+\(tyre\)+AND+\(1915\)](http://www.bailii.org/cgi-bin/format.cgi?doc=/uk/cases/UKHL/1916/53SLR0845.html&query=(continental)+AND+(tyre)+AND+(1915)) (consultado por última vez o 11/07/2017).

<http://www.bailii.org/uk/cases/UKHL/1896/1.html> cConsultado última vez o 11/07/2017).

<http://www.unizar.es/adj/sentencias/mercantil/sts28051984.pdf> (Consultada última vez o 11/07/2017).

http://sil.gobernacion.gob.mx/Archivos/Documentos/2002/11/asun_135226_20021121_841792.pdf (consultado última vez o 11/07/2017).

3.RECOMPILACIÓN DE XURISPRUDENCIA

3.1. Xurisprudencia inglesa

Salomon v. Salomon & Co. Ltd. (1897).

Daimler Co. Ltd. v. Continental Tyre & Rubber Corp (1915).

3.2. Xurisprudencia do Tribunal Supremo

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil) núm 305/1950 de 12 de decembro de 1950.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil) núm 1654/1956 de 22 de xuño de 1956.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil) de 28 de maio de 1984.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 326/2012, de 30 de maio de 2012.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 1375/2007, de 19 de decembro de 2007.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª), núm. 243/2009, de 3 de abril de 2009.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 670/2010, de 4 de novembro de 2010.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 796/2012, de 3 de xaneiro de 2013.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 497/2013, de 29 de xullo de 2013.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 100/2014 de 30 de abril de 2014.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 429/2014, de 17 de xullo de 2014.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 101/2015, de 9 de marzo de 2015.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 276/2015, de 28 de maio de 2015.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 74/2016, de 18 de febreiro de 2016.

Sentenza do Tribunal Supremo (Sala do Civil, Sección 1ª) núm. 4177/2016, de 29 de setembro de 2016.

3.3. Xurisprudencia das Audiencias Provinciais

Sentenza da Audiencia Provincial de Palma de Mallorca núm. 637/1999, de 8 de setembro de 1999.

Sentenza da Audiencia Provincial de Barcelona (Sección 7ª), núm. 204/2015 de 14 de setembro de 2015.

3.4. Xurisprudencia dos Xulgados do Mercantil e de 1ª Instancia

Sentenza do Xulgado do Mercantil núm. 1 de Madrid, núm. de recurso 43/2004, de 24 de xullo de 2007.

Sentenza do Xulgado de Primeira Instancia núm. 2 de Teruel núm. 99/2013, de 22 de xaneiro de 2014.

Sentenza do Xulgado do Mercantil de Barcelona (Sección 5ª) núm. de recurso 215/2014, de 7 de xaneiro de 2016.

Sentenza do Xulgado do Mercantil de San Sebastián núm. 9/2016, de 14 de xaneiro de 2016.

4.RESOLUCIÓNS DA DIRECCIÓN XERAL DOS REXISTROS E DO NOTARIADO

RDXRN de 22 de setembro de 2010 (publicada no BOE núm. 276 de 15 de novembro de 2010, páx. 95398).